

ENTRAMBAS AGUAS

A REVISTA DEL NAVIA-EO

Número 8 • Primavera/Brao 1998 • 150 Ptas.



EL COMERCIO

*polos **PORTOS** el Navia-Eo
a mediados del s. XIX*

Dos Ozcos e da súa xente


AUTOVÍA del **CANTÁBRICO**

Un camión cheo de voltas

ENTRAMBASAUGUAS

Índiz

- Benxamín Méndez 3 *El **COMERCIO** polos **PORTOS** del Navia-Eo a mediados del s. XIX*
- Rafael Cascudo & Dorí Glón 8 *A **ENSEÑANZA** del **GALEGO-ASTURIANO***
- José Álvarez Castrillón 12 *Dos **OZCOS** e da súa xente*
- Jesús González Gayol 14 *El **TEIXO***
- Carlos Lastra López 16 *El **AUTOVÍA** del **CANTÁBRICO***
- José Ramón Fdez.-Tresguerres 18 *Os **SALTOS D'AUGUA** nel valle del **NAVIA***
- José Manuel Martínez Castro 22 *El **MORBO** d'un pecao común*
- 24 ***AXENDA***
- Manuel García-Galano 25 ***CONMEMORACIÓIS***
- Francisco Fidalgo Villaveirán 26 *A **BRISCA** d'Antón*
- 28 *El **ARCO DA VEYA***
- 30 *El **HOUCHA***



Quérome suscribir por 10 números. El importe da suscripción, 1.500.- pesetas (máis gastos d'envío), heilo a pagar contra reembolso del primeiro número que me manden.

Nome _____

Apellidos _____

Dirección _____

Código Postal _____ Lugar _____

Teléfono _____ Fecha _____
firma

ENTRAMBASAUGUAS

pódese mercar en **Navia** (La Villa, Franlu, Arco Iris, Quiosco Los Jardiniños, Quiosco del Muelle), **Xarrio** (Quiosco Hospital), **A Caridá** (Librería Alfonso, Papelería Ana), **Tapia** (Librería Manuel López, Librería Arte, Quiosco del Parque, Tutti Frutti), **As Figueiras** (Tandy), **Castropol** (Ardura, Tandy Beatriz), **A Veiga** (Casa Pérez, Librería San Pedro), **Taramunde** (Casa Vicente), **Grandas** (Estanco Elena Cancio), **Samarín d'Ozcos** (A Marquesita)



El Porto (El Franco)
(ENTRAMBASAUGUAS)

Edita
Academia de la Llingua Asturiana
Secretaría Llingüística del Navia-Eo

Este número d'ENTRAMBASAUGUAS
cuenta col patrocinio dos conceyos da
Veiga, Castropol, Cuaña, El Franco,
Samarín d'Ozcos, Santalla d'Ozcos,
Tapia, Taramunde y Vilanova
d'Ozcos.

Colaboran
Benxamín Méndez
Rafael Cascudo
Dorí Glón
José Álvarez Castrillón
Jesús González Gayol
Carlos Lastra López
José Ramón Fdez.-Tresguerres
José Manuel Martínez Castro
Manuel García-Galano
Juan Carlos Quintana López

Correo y colaboraciós
Academia de la Llingua Asturiana
Apartao Correos-574
33080-UVIÉU
Tlfo.: 98 521 1837
Fax: 98 522 6816

Diseño
Entrambasauguas y
Satsang®

Imprime
Gráficas Ribazán • Navia
Tlfo.: 98 547 3680

Depósito Legal
AS-2103/96

I.S.S.N.
1137-165 X



ENTRAMBASAUGUAS nun se fai responsable
das opinións expresadas polos seus
colaboradores

Esta revista ta feita con
papel reciclado 100%
RECIPUS de 90 grs. nel interior
y 135 grs. na portada

El COMERCIO polos PORTOS



del Navia-Eo a mediados del s. XIX

As Figueiras, alló a empezos de esta centuria, núa foto publicada nel Asturias de Bellmunt y Canella

Falar de portos mercantes nel Navia-Eo pode chocar, pos os qu'hai hoi son mayormente pesqueiros ou deportivos. Ribadeo inda ten agora tráfico mercante pro tamén muita xente s'acorda de ver cómo os barcos descargaban abono ou farina en Navia ou se cargaba mineral en Porcía. Outra xente, máis veyá, ouguíu falar de que veleiros pequenos cargaban madera nel Porto (El Franco) ou de qu'entraban mercantes en Veiga (Navia) y tamén na Veiga.

↓ Benxamín Méndez

Vamos irnos aquí dalgo máis pr'atras del acordanza da xente, hasta 1844 y 1845. Pr'aquello anos temos os datos del Diccionario de Madoz, a fonte principal pra fer estas llinias. Nun podemos falar aquí de todos os portos, pos el Madoz namás ten os datos das aduanas —aparte de datos xenerales— y éstas taban na Veiga, Castripol, As Figueiras, Navia, Veiga y Ribadeo (todas eran de cuarta clas a nun ser a de Ribadeo, qu'era de segunda). En Castripol, amás, había úa “ayudantía de marina”.

Pro sábese, por exemplo, que s'apuntaban en Navia os tráfico del Espín, unde se cargaba a maderá que baxaba pol río y tamén, a lo menos, el carbón vexetal, pos era nel Espín unde se fía. Tapia, Ortigueira y El Porto, según el Madoz, tían gremios de marneiros pro non aduana.


El importancia del comercio pol mar

Os datos que dá el Madoz pral “partido y ayudantía de Castripol” nun deixan sito pras dudas: 28

barcos mercantes matriculaos, 601 marneiros, 87 carpinteiros de ribeira y calafates y “67 pilotos de Europa, de América y de todos mares”. D'ellos, 25 ponlos pras Figueiras y dice que dalgús eran capitáis (enseñábalos un profesor de náutica que tía allí colexo particular). Había tamén 69 lanchas y barcos pequenos de pesca y barcaxe dos gremios d'Ortigueira, El Porto, Tapia, As Figueiras, Castripol y A Veiga. En Ribadeo había “12 buques mayores y menores”; ei, a sociedad de fomento tía úa escola qu'enseñaba matemáticas y pilotaxe.

Os cambeos foron abondos y as relacións eran diferentes. A zona del Navia-Eo producía entoncias pra esportar cousas que xa nos esquecieron, gracias ás ferreirías qu'había nos ríos con más augua, como el Eo, el Porcía, el Suarón ou el Navia. Fíase ferro dulce nas ferreirías y nos martinets y obradoiros das casas fíanse cravos (eran famosos os de Bual), ferramentas pra trabayar a terra y cousas de ferro pras casas (pechaduras, claves, tixellas, tarteiras, etc.). Abasta con dicir qu'a cuarta parte da xente da Veiga trabayaba el ferro na casa.

Tamén a xente fía nas casas panos de lla ou de llin, lo que ye fai dicir al Madoz que “el país todo era un tendadero; cada casa una fábrica...” refiriéndose



El Porto (El Franco) al acabo del siglo XIX

al partido de Castripol. Había además fábricas de curtidos en Paderne y en San Antolín (Navia). As fábricas de papel de Castripol ou A Veiga tamén daban pra esportar.

Pra todo aquel trabayo fían faltan materias primas y, claro é, producíase abondo más de lo que fía falta na zona. Os portos eran naquel entoncias el camín más rápido pra llevar mercancías en cantidá. Llevallas por terra era cuase imposible, como nun fose en caballeirías, pos llevallas en carros namás podía ferse a xeito pol Camín Rial (camín de roda ou careteiro).

A ponte de ferro del Navia inauguróuse en 1868 y inda despós el cacho da carretera da costa entre Lluarca y A Veiga (el primeiro treito, Porcía-Navia, fíxose entre 1871 y 1871). Outras carreteras travesseiras non se foron hasta os últimos anos del siglo XIX ou os primeiros del XX; por exemplo, as que salen de Navia pr'hacia a montaña, as que salen del Porto pasando pola Caridá ou a que sale da Veiga pr'hacia A Garganta. Salindo de Ribadeo taban xa proyeutadas as carreteras pra Mondañedo y A Veiga, pro entoncias namás había dous camíes de roda, a Mondañedo y a Foz.

Non sólo había que trer as materias primas y esportar productos de ferro y pano. Por barco tríanse tamén, como veremos, abondos productos que se vendían nas ferias y nos mercaos. El Madoz destaca dúas ferias al mes na Veiga, úa en Balmonte (Presno, Castripol) y outra en Valdepareas. É chamadeiro el que fala de Veiga: *"de su antiguo comercio nada existe, sino los grandes almacenes y edificios donde se alberga la gente pobre de las parr. inmediatas"*. Al

parecer, Veiga xa fora padecendo a competencia de Navia, con tráfico cada vez más grande pola ría y dous mercaos semanales (xoves y domingo), pro a mediados del XIX Veiga inda tía más xente que Navia, Castripol tía más qu'hoi y As Figueiras aparecido.

Lo que ta claro é qu'os portos axudáronyes a medrar ás villas más qu'a outros poblos que nun los tían, y más condo llevar as mercadeirías al llombo de caballeirías nun era abondo pra lo que se necesitaba.

Os portos eran fondiadeiros y embarcadeiros

Al pensar nos portos de mediados del XIX nun podemos pensar en muelles como os d'hoi nin couxa aparecida. Os barcos tían que fondiar unde fose más fácil cargallos, así qu'hasta podían quedar en seco de mar vazo. Como vamos ver, todos taban aparecidos y tábase pensando en cómo amañallos.

De Ribadeo dice el Madoz qu'era el porto *"...mas conocido y frecuentado desde el Ferrol á Santander; pueden fondear en él los buques á tiro de pistola, de la orilla en 20 pies á bajamar entre la v. y el cast. de San Damian"*. Os embarcadeiros taban xa en Porcillán, Cabanela y Figueirúa. El porto tía el inconveniente dos tesóis d'arena qu'as arriadas del Eo movían.

Dos outros portos da Ría del Eo nun dice gran cousa. Sabemos por exemplo pol mapa de Coello de 1870 qu'el *"muelle viejo"* de Castripol taba nel extremo norte del alto nel que s'asenta a villa. Según el



El Porto (El Franco), enguano

Madoz, A Veiga tía un fondiadeiro "cómodo y seguro"; nada dice das Figueiras.

Navia tía el entrada difícil por culpa da barra, aunque podían fondiar na ría "barcos de más de 100 toneladas, los que conducen material para las herrerías de Bullimero en la felig. de Parlero y para la de Freuseyra". Xa el Madoz propoñía fer úa "muralla" dende el Espín dereta hasta el cabo, lo que coa corrente grande del río feiría que pudesen entrar barcos "de alto bordo". Sábese por outras fontes qu'os barcos lo mesmo fondiaban nel Espín que na veira de Navia.

El Madoz nun dice nada dos portos de Veiga y El Porto, del d'Ortigueira dice que valía sólo pra pataches y embarcacióis de pesca, y del de Tapia qu'era porto pequeno, con dalgún comercio, sobre todo de productos da pesca.

El tráfico polos portos: barcos y marneiros

Según os datos del Madoz (refiríndonos sempre a datos medios dos anos 1844 y 1855), rexistráronse 444 barcos como entradas. D'ellos, 175 fondiaron en Ribadeo, 117 na Veiga, 48 en Navia, 44 nas Figueiras, 39 en Castrípol y 21 en Veiga. Vese ben que Ribadeo era el porto más importante da zona, aunque tamén teríamos que cuntar con Lluarca dentro da Marina Occidental (alló atracaron 147).

El tonelaxe medio foi de 46 toneladas por barco, media que recoye dende as 12 toneladas por barco de

Navia hasta as 41 de Ribadeo; Veiga y A Veiga nun chegaban a vinte y en Castrípol y As Figueiras movíanse barcos d'entre vinte y trenta toneladas de media.


Dos tipos de barcos nun nos dice nada al xeito el Madoz. Por outras fontes (entre ellas, Rodríguez, 1997) y pol tamaño dos barcos, podemos supoñer qu'eran cargueiros de vela de dous ou tres palos, de bordas baxas, dos que se chamaban *pataches*, *bergantíos*, *polacras* ou *quechemarios* (dalgús d'ellos con armamento de goleta).

El tonelaxe total d'entrada (media por ano) taba cerca das 12.000 Tm, das que más del mitá entraron por Ribadeo. Naquel tempo entraban por Lluarca cerca de 3.000 Tm. En conto al peso embarcao, acércase ás 10.500 Tm. Tamén Ribadeo ta á cabeza y síguenlo de llonxe A Veiga, As Figueiras y Castrípol. Por Lluarca salían entoncias más de 2.600 Tm.

El número de marneiros rexistraos en todos os portos (media por ano) foi de 3.503 (tamén d'entrada), lo que dá úa media de oito homes por barco. Pro cuase todos os portos sacan cinco ou seis por barco a nun ser, outra vez, Ribadeo que dá úa media de trece. É chamadeiro que nos barcos que rexistróu el aduana de Ribadeo vían más marneiros nos de cabotaxe que nos del extranxeiro, mentras qu'el tonelaxe medio por barco era de 37 Tm pras entradas de cabotaxe y 112 Tm pras salidas pral extranxeiro.

As mercadeirías traficadas

Nos dous anos dos qu'hái datos nel Madoz, a cantidá y as clases de mercadeirías traficadas cambían



Peso das mercaderías traficadas polos portos del Navia-Eo, según datos del Madoz pra os anos 1844 y 1845


abondo. En dalgúas aduanas distínguense de cabota-
xe, d'América y del estranxeiro, pro ademá temos
que ter en conta qu'había tráfico entre os mesmos
portos qu'aquí trabayamos, sobre todo el chamao
"tráfico de babía" entre os portos da Ría del Eo.

Empezando polo más fácil, d'América triáanse
más que nada azúcar, cacao, café y augardente de
caña. Por Ribadeo entraron tamén nesos anos dalgo
de ferro, cobre, coiro "al pelo" y llin en cana y hasta
tres arrobas de dulces; ademá, en setembre del ano
1845 saliron de Ribadeo pr'América carne de cocho,
cebollas, dulces, farina, patacas, pescao salao y quei-
xo entre lo de comer, y
llibros, foya de lata, calce-
tas (medias de pé y per-
na) y quincalla (cousas de
metal de pouca valía). El
Madoz nun dá más señas
del comercio con Améri-
ca, anque sabemos que
más pr'alante mandában-
se pr'alló tamén manteiga
y sidra (dende Lluarca),
por exemplo, ademá dos
muitos emigrantes. El Ma-
doz apunta qu'os "géne-
ros coloniales" vían, nun
sabemos en qué porción,
de Santander.

Del estranxeiro en-
traban polos portos del
Navia-Eo bacalao, canela,
pimenta, ferro (anque a
mayor parte vía das Vas-
congadas), alambre, bron-
ce, foya de lata, alquitrán y brea (que valía entre ou-
tras cousas pra calafatiar os barcos), xarcia, xabón,
textidos y quincalla. El Madoz nun nos dice qué pro-
ductos se llevaban pral estranxeiro, a unde iba alre-
dor del 30% das mercancías que s'embarcaban en Ri-
badeo.

As mercancías de *cabota-
xe* son muitas más en nú-
maro y en cantidá. As cla-
ses d'ellas que se cargan y
descargan dícnos muito
de cómo era a economía
del Navia-Eo pr'hacia me-
diaos del siglo pasao. Co-
mo hoi, vendíanse sobre
todo productos sin ellabo-
rar ou pouco trabayaos y
comprábanse manufactu-
ras, que costaban más.
Vese ben nel gráfico (Fi-
gura 2) cómo costaban
abondo más as mercanci-
as qu'entraban polos por-
tos qu'as que salían, agá
nel caso das Figueiras y,
menos, nel de Castripol.

Os productos con más
"valor amecido" que s'esportaban eran os que tían
que ver coas dúas industrias de certo peso daquela:
os da trasformación del ferro y os textiles. Xa falamos
del trabayo del ferro nas ferreirías: necesitábase pra
eso ferro —a vena vía sobre todo das Vascongadas,
cómo dixemos— y carbón vexetal. Este carbón fíase
medio queimando carbayo dos montes del Navia-Eo
(d'ei topónimos como *Carbueiro*, *Carbón* y outros).
Dél de carbón salía pol porto de Navia y supoñemos
qu'iría pra os portos del Eo (el "carboneo" xa era im-
portante en Cuaña nel siglo XVIII). É chamadeiro el
feito de que se descargue carbón de pedra por Riba-



Valor das mercaderías traficadas polos portos del Navia-Eo, según datos del Madoz pra os anos 1844 y 1845

deo. El carbón de pedra era el qu'iba a acabar coas
ferreirías del Occidente d'Asturias. A esportación de
cravazón fíase polos portos das Figueiras, Castripol y
A Veiga.

A feitura de calzaos y llenzos nel Navia-Eo reflé-
xase nel importación de llin, coiro, caparrosa (sal
químico pra tinter telas) y cáñamo y tamén un pro-



Foto: ASTUR PAREDES

El muelle de Tapia

ducto pra trabayar el coiro como era a casca de carbayo qu'entraba por Navia (en Navia y en Noreña taba a principal fabricación de calzaos d'Asturias). Por Navia salía tamén sola de coiro.

Os llenzos del país y as calcetas eran xéneros que s'embarcaban nel Navia-Eo, pro xa dice nel Madoz qu'a competencia das produccióis con máquina de vapor –más igualada y más barata– taba dando al traste coa produccióin nel partido de Castropol, tamén pol muito coste y os peligros del transporte. Por contra, desembarcábanse nel Navia-Eo filo, lona ou sombreiros y sola pola Veiga y Ribadeo.

Embarcábanse tamén outras fabricacióis como cal, xabón y “*papel ordinario*” (había úa fábrica na Veiga), trabas (salían por Navia) y mobles (Veiga). Pro dalgús d'estos productos entraban tamén, xunta outros varios como pedras de molín, loza, quincalla, grasa de xardía ou armazóis de paraugas. Inda seguían, según el Madoz, cargándose maderas “*de construcción náutica*” pral arsenal de Ferrol, aunque nun figuran rexistradas nas aduanas.

Nos tráficos ten abonda importancia el de comestibles. Salen dos portos del Navia-Eo gao vacuno y cochos, fabas, meiz, trigo, cebollas, ovos, patacas (había úa fábrica de fécula en Ribadeo qu'esportaba a Barcelona), manteiga, queixo, carne salada y sidra (salía por Navia). Dalgús d'estos productos –tamén arroz, por exemplo– tán rexistraos a bon seguro porque entraban polos portos y despós salían pra outros del Navia-Eo.

Entre os comestibles que s'importaban parecen xardía, centén, pimento, arroz, trigo, aceite, farina, augardente, sidra (entraba por Navia), pescaos salao

ou chocolate. Nel texto dice el Madoz qu'el aceite, aceitunas, viño y augardente vían de Málaga, Valencia, Sevilla y Barcelona (entre outros llugares del levante y mediodía da Península).

Amáñase con todo el que dixemos un cuadro xeneral dos tráficos. Puderan amecerse dalgúas outras cousas (como armazóis de paraugas, remos, piñóis ou alcohol) pr'acabar este achegamento al importancia del comercio pol mar d'outros tempos. Queda claro que naquel tempo as terras del Navia-Eo nun taban núa economía tan pechada como pudiera pensarse y qu'el mar perdéu cuase toda a súa valía como vía de transporte.



BIBLIOGRAFÍA:

MADOZ, P.: *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, Madrid, 1845-50, voces Castropol (partido, conceyo y villa; nel Madoz “Castropol”), As Figueiras (llugar y porto; nel Madoz “Figueiras”), Navia (villa capital del conceyo), Ortigueira (llugar, nel Madoz “Ortiguera”, aunque na voz Castropol partido aparece “Ortigueira”), Veiga (feligresía, nel Madoz “Puerto de Vega” y entre paréntesis Sta. Marina), A Veiga (villa capital del conceyo, nel Madoz “Vega de Rivadeo”), Ribadeo (partido y villa, nel Madoz “Rivadeo”), El Porto (llugar, nel Madoz “Viebeleiz”) y Lluarca (nel Madoz “Luarca”).

MÉNDEZ, B.: *La Marina Occidental asturiana*, Oikos-Tau, 1993.

MURCIA, E.: *Las villas costeras en el sistema urbano asturiano*, Silverio Cañada, 1981.

OJEDA, G.: “Los transportes”, *Historia de Asturias*, 9, Ayalga ediciones, 1977.

RODRÍGUEZ, M.: “Os estelleiros del Porto”, *Asturies, memoria encesa d'un país*, nº 4, Belenos, 1997, pp. 40-44.

A ENSEÑANZA DEL GALEGO-ASTURIANO



El día qu'a fala entrón na escola

Rafael y Dori son os dous maestros que tán dando enguano el asignatura optativa de gallego-asturiano nas escolas de Tapia, Xarrio y Navia. Como se ve, pouco se ten avanzaio dende qu'a nosa fala entrara nel "Ramón de Campoamor" de Navia alló pol curso 90/91. El desinterés oficial, as incomprensións, a falta d'información y, muitas veces, a inorancia, poden tar detrás da precaria situación da nosa fala na escola, un sito nel que tía que tar cua dignidá que merez úa regalía qu'heredamos dos nosos maiores y que temos que decidir se la femos de menos y la deixamos morrer ou, al rové, se la valoramos y tentamos de recuperalla. D'un pouco de todo esto é del que nos falan estos dous trabayadores da nosa fala.

↓ Rafael Cascudo & Dori Gión

ENTRAMBASAGUAS

Na terra d'entrambasaguas, el territorio comprendido entre os ríos Navia y Eo, dáse úa situación de bilingüismo: conviven dúas linguas: el galego-asturiano y el castellano.

Esta situación bilingüe nun se dá por igual en toda a poboación d'estas terras, pos hai xente monolingüe: por un laó a xente mayor que, en número cada vez máis pequeno, fala sólo en galego-asturiano, y a xente moza que sólo fala en castellano y forma un grupo cada vez máis grande. Lougo ta a xente que núa mayor ou menor medida usa as dúas. Si, ademáis d'á poboación, tuvésemos en conta el prestixo y a función que cumpren na vida de cadaldía cada úa das dúas linguas, ta mui claro que temos al castellano –en palabras dos especialistas nesto, que son os sociolingüistas– como *lingua A* y á

nosa fala como *lingua B*. Hai un desequilibrio claro a favor del castellano y ese desequilibrio trai como consecuencia –outra vez falan os especialistas– úa situación de *diglosia*.

A diglosia

Esplicámonos: el castellano é a lingua oficial, ten todos os deretos legales, é obrigao na enseñanza y na administración, é a lingua das funcións superiores da vida social, a dos medios de comunicación y os organismos oficiales, é sinónimo de prestixo, de mayor estatus social y cultural, é a máis usada nas vilas y lugares achegaos a elas y, pa rematar, nun hai ningún peligro de que poda desaparecer. Pol contrario, el galego-asturiano nun ta nos libros de texto,

apenas si s'aprende na escola (namáis nos colexos públicos "Ramón de Campoamor" de Navia, "Darío Freán" de Xarrio y "Príncipe d'Asturias" de Tapia), de continuo ta sendo reprimida y desdeixada, úsanla as clases máis baxas na escala social, nun ta nos medios de comunicación, é a fala que s'usa na familia, cos amigos, pa os temas banales, é úa variedá falada, oral, nun ta cuase normativizada y úsase pouco por escrito, nun s'usa d'un xeito oficial...

Úa situación anormal

Según todo lo cuntado aquí, a nosa fala ten úa situación *d'anormalidá*, é úa lingua desprestixada, pouco a pouco vai abandonándose y nun se fala a os fijos. Pa encher el vaso, hai tempo qu'esta situación pasou de ser máis ou menos *estática* a ser claramente *dinámica*: hasta a chegada da escolarización obrigatoria y el uso xeneralizado dos medios de comunicación audiovisual el grupo social que falaba galego-asturiano era cuase el mesmo y namáis úa minoría ilustrada falaba en castellano. Coa chegada d'estos dous fenómenos, básicamente, a situación cambia, vólvese dinámica, móvese, y el grupo dos que falan castellano vai enánchándose y el dos que falan galego-asturiano vai menguando nun proceso que pode chegar a felo desaparecer.

Un dos efectos que provoca nel falante a situación precaria da nosa fala é el de mezclar col castellano, as *interferencias lingüísticas*. Últimamente este proceso é vertixinoso. A vergonza, el sentimento d'inferioridá leva a que, al ascender socialmente nos vayamos desfendo da lingua vernácula porque se ve como un estigma, algo malo, falta de cultura. El castellano úsase condo salimos das situacións de cadaldía: nun se fala *na fala* condo se vai al médico, condo vein visitas, condo nos relacionamos con xente que nun conocemos. Esta vergonza pode provocar, y de feito provoca, el nun transmitir a os fijos a lingua de noso. Os bolitos y a xente mayor falan entre ellos na fala pero cos fijos y os netos falan en castellano. Eso nun pasaba antías, a nun ser nas familias de clas alta. Si os nenos xa nun usan a fala y falan castellano, os sous fijos tamén van fer igual.

Úa cadía de mil anos, rota

Todo esto vén romper úa cadía de mil anos pola que se transmitía a nosa fala de padres a fijos. Aparecen ideoloxías denigratorias pa xustificar el abandono da fala, crencias qu'alivian el conflicto, recursos pa tapar ou esconder a vergonza de ter que ser responsables de poñer fin a esa cadía ancestral. Y dicimos... "*a fala é fea, é bruta*", "*nun vale pa nada*", "*nun ten literatura*", "*Bo, en cada sito fálase diferente y nun nos entendemos cos vecíos*"... Entrementes, dicimos qu'el castellano si qu'é guapo, que lo falan millóis y millóis de personas, que ten úa literatura rica y búa y pensamos que nun ten diferencias xeográficas

porque namáis miramos pal que se fala na tele ou se le nos libros.

A fala na escola

El sociolingüista Michal Stubbs dice cousas como éstas: "*En realidá, lo único xuicioso que se pode fer en muitos casos é dayes a os nenos al empezo da súa escolarización a instrucción básica na lingua que conocen. (...) Úa comunidá pode ter a súa lingua en tan baxa estima que quizáis nun quira qu'os sous fijos aprendan nela*". Nestos casos, apunta, é un labor social de primeira importancia p'aumentar el autoestima del falante da lingua non prestixada, lutar contra as actitudes intolerantes, tanto na escola como na sociedade, p'acabar cos estereotipos y coas barreiras sociolingüísticas, xa que si non as interferencias entre as linguas d'alto y baxo prestixio poden xeneralizar problemas d'aprendizaxe. El única manera d'amañar esta situación sería normalizar a lingua B, *fela normal*, usala, levala ás escolas.

Tamos d'acordo coas tesis sostidas pol profesor González Riaño pal caso del asturiano y que pensamos que son ben aplicables al noso caso: a presencia na escola del galego-asturiano nun é sólo un dereito humano cultural —pa nosoutros irrenunciable—, sinon que responde a úa fonda necesidá pedagóxica porque muitos nenos y nenas tein úa competencia lingüística y comunicativa unde s'entremezclan elementos del castellano y del galego-asturiano y eso esixe un tratamento educativo que teña en conta a posibilidade d'atender el aprendizaxe y uso das dúas linguas en contacto. Son as autoridades educativas asturianas as que tein que dar solución al problema.

Un panorama esmoledor

El sistema educativo que padecemos sólo ten d'asturiano a situación xeográfica. Vese úa planificación agresiva ou pouco esmolida pola identidade sociocultural d'Asturias. Acabada a dictadura tardamos dez anos en poder ver os primeiros empezos d'escolarización del asturiano y trece máis pa que sólo úas 200 escolas de Primaria oferten el asturiano y tres el galego-asturiano.

As condiciones actuales siguen sendo represivas. Non sólo se sufren vetos y esixencia de mínimos pa escolarizar a lingua tradicional, sinon que se sufre a falta cuase total d'apoyo, d'información institucional, de regulación normativa, de planteamiento curricular oficial, de categoría de lingua, d'implantación horaria da asignatura, de tratamento al xeito al empezo escolarizador, de continuidá nel itinerario normativo y máis en concreto nos centros de Secundaria, d'apoyo didáctico, de política editorial, de condicións profesionales y laborales dignas pal profesorado nesta materia, de formación dos maestros —que nun existe nel caso da nosa fala—, y un largo etcétera.

• R A Z Ó I S •

Hai razóis de sobra a favor da escolarización da nosa fala. Namáis imos citar algúns argumentos educativos, xurídicos y sociolóxicos:

Educativos:

Condo na escola se yes dá a os nenos a oportunidade d'aprender y usar a lingua coa que teín mayor dominio, tán en miyor posición pa sacar miyores resultaos noutras asignaturas.

El perfeccionamento da lingua familiar é úa condición previa pa obter un nivel comparable de dominio na lingua estándar ou oficial.

A motivación dos alumnos p'aprender úa segunda lingua pode oumentar condo a súa primeira lingua é tomada en serio tanto na vida diaria como na escola.

A enseñanza escolar del asturiano (neste caso poderíase aplicar al galego-asturiano) é aconsayada como remedio pa evitar as interferencias lingüísticas col castellano por estudiosos como Alarcos Llorach (1983), García Arias (1976), Fernández Álvarez (1987) ou Llera Ramo (1990).

Sociolóxicos:


El investigador Pierre Bourdieu y el sociólogo John de Vries dicen que cualquier elemento del patrimonio cultural d'un pobo que nun teña acceso á enseñanza como medio de transmisión, hipotecará el sou futuro. Stenhouse, un antropólogo moderno, dice qu'úa lingua d'úa comunidade é un instrumento de cultura y pensamento. Estudios como os de Cummis, Ignaci Vila, Rafael M. Díaz y outros señalan qu'a solución é el bilingüismo positivo y equilibrado.

Os datos del *Estudio Sociolingüístico para Asturias* (1995), fálannos de que nove de cada dez asturianos son favorables á enseñanza –voluntaria us y obrigatoria outros– da lingua vernácula.

Xurídicos:

El uso y mantención da lingua propia é ún dos deretos básicos da humanidade. Forma parte da Declaración Universal dos Deretos Humanos y foi confirmada, por exemplo, por diferentes resolucións das Nacións Unidas y da Comunidade Europea.

A *Lei d'Uso y Promoción del Asturiano*, aprobada pola Xunta Xeneral del Principao hai poucos meses (17-3-1998), nel sou artículo 2, dice: *"El réxime de protección, respeto, tutela y desarrollo establecido nesta Lei pal asturiano estenderáse por medio de regulación especial al galego-asturiano nas zonas nas que ten carácter de modalidade lingüística propia"*. Esto quer dicir que, por primeira vez, el galego-asturiano é considerao como úa variedade lingüística propia d'Asturias. Ademáis, aprícase tamén p'a nosa fala el que se dice pal asturiano: *"Garantizar la enseñanza del asturiano [polo tanto, tamén del galego-asturiano], nel exercicio das competencias asumidas pol Principao d'Asturias, atendendo a os principios de voluntariedad, gradualidad y respeto a realidade sociolingüística d'Asturias"*. (artículo 3, apartao c). Tamén podemos citar os apartaos 1) y 3) del artículo 10: *"1. Nel exercicio das súas competencias, el Principao d'Asturias garantizará a enseñanza del asturiano [polo tanto, tamén del galego-asturiano] en todos os niveles y graos, respetando así y todo a voluntariedad del sou aprendizaxe. En todo caso, el asturiano [galego-asturiano] terá qu'impartirse dentro del borario escolar y será considerado como materia integrante del currículo"*, *"3. A escoyeta del estudio ou del uso del asturiano [galego-asturiano] como asignatura del currículo, en ningún caso poderá ser causa de discriminación dos alumnos. Pa os que lo escoyan, el sou aprendizaxe nun poderá ser estorbo pa recibir a mesma formación y conocencias en igualdá de condicións qu'el resto del alumnado"*.



El maestro con dalgús dos seus alumnos

Todo esto fai qu'agora mesmo se teñan dudas acerca de poder estender a enseñanza voluntaria del galego-asturiano a outros centros del occidente d'Asturias. Este curso 1997-98 solicitaron galego-asturiano en Ibias pero nun se puido levar a cabo porque dixeron que nun había maestro cua titulación qu'esixía a Administración educativa pa poder impartilo. Pal curso que vén pode que pase algo aparecido porque nel Instituto de Navia xa solicitaron poder brindar al alumnado a asignatura. Però como en seis ou sete anos nun se fixeron cursos oficiales de formación de maestros pode que condo se pida xente pa impartir a enseñanza nun la haxa. ¿A culpa de quen é? No-soutros pidimos úa y outra vez a os organismos que podían felo que se desen os pasos pa facilitar a formación dos interesaos y nun se fixo. ¿Por qué tanta desidia? ¿A quen favorece este desinterés?

A nosa experiencia

A nosa experiencia como maestros de galego-asturiano ten máis solombras que luces, máis mouro que branco, máis tristezas que gayolas. Vimos como muitos compañeiros nosos que luitaban nel mesmo barco da defensa dos deretos lingüísticos se quedaban p'atrás escondidos, recularon ou aveiraronse esperando que pasase a xistra dos intolerantes. Tamén

vimos cómo hai xente nesta terra d'entrambasauguas que leva muito tempo dicutindo si el galego-asturiano é galgo ou can de payeiro —a veyá y agotadora polémica de si esta fala nosa é galego, galego-asturiano ou qué— esquecendo qu'a luita ta en dignificala, daye el prestixo que se merece y defendela de todos aqueles que queren pá nosa terra a matarrasa cultural en favor del castellano. Vimos xente ou grupos que se pasan anos pontificando ou criticando el labor que se fai, muitas veces dende ben lonxe, y, mentramentes, a nosa veyá y guapa lingua vai esmorecendo, camín de desaparecer al cabo de pouco tempo. Durante mil anos resistíu todos os puxos contrarios a ela, pero agora pode que la. escarayemos ou la escarayen os egoismos, a política barata, os medios de comunicación cegos á realidá, a enseñanza ayía al noso entorno cultural, a desidia da Administración asturiana y toda úa gran restra de torgas permanentes.

Durante todo este tempo vimos cómo nas nosas escolas hai que lutar cos grupos de padres y madres —núa gran parte de fora pero tamén d'aquí, qu'inda dole máis— que puxan con muita forza escontra da nosa fala. Y nas escolas, compañeiros y compañeiras que, ou ben cos deberes, col acabo del labor diario, cos xogos, cos discursos desprestixadores ou col nun fer nada nas horas d'estudio asisitido que se dan como alternativa a os nenos y nenas que nun van a galego-asturiano, tán de continuo boicoteando el noso trabayo. Tampouco nos parece al xeito a alternantiva que se dá á asignatura, nin tán claros os criterios que tein que seguir os tutores. El resultado é que cada ún fai lo que ye parece.

A verdá é qu'a restra de queixas pode ser inacabable y nel fondo de toda esta doliosa situación ta a falta de planificación y el pouco xeito das políticas seguidas hasta el día d'hoi.

El trabayo de cadaldía

El noso labor é ingrato, ás máis das veces desmoralizante, luitamos escontra da falta de medios con todo el noso agayo y col esfouto que nos dan a inmensa mayoría dos nosos alumnos. Tentamos de qu'os nenos y nenas vexan ou sintan qu'a nosa

lingua, a nosa cultura é, primeiro de nada, nosa y que temos que tratála como se trata a lo noso, col respeito col que se trata a úa madre ou a un boli-to, col cariño col qu'os indios trataban á madre terra, que se dían conta de que se trata de fer normal lo qu'é normal y que si a xente da nosa terra se comunicóu durante mil anos na nosa fala é porque vale pa comunicase, porque sirvíu y sirve pa entenderse us cos outros, porque é úa lingua como as demás.

Tentamos de levar ás nosas clases todo lo que conforma a nosa cultura asturiana, a cultura d'úa parte d'Asturias tan importante como as outras, d'úa terra na que, por disgracia, non sólo temos el senti-


mento d'asturianos nas nosas entrañas como el que máis, sinón que nos obligan a tar sacándoye brillo todos os días del ano. Hai qu'opositar al sentimento de ser asturiano permanentemente y nun vale pa nada aprobar sempre.

Nas nosas clases trabáyase coa nosa lingua y coa nosa cultura, fála-se, faise teatro, xógase cos xogos tradicionales y cos modernos, lese,

cántase y escríbese en galego-asturiano. Tentamos de normalizar a nosa lingua. Trabayamos materiales de todo tipo: mitoloxía, medio ambiente, personaxes d'estas terras, xogos tradicionales, solidaridá, investigamos cos nosos mayores, participamos coa nosa fala en todo ou en cuase todo: televisión, radio, vídeo, prensa escrita (hai que citar como algo especial os centos de trabayos que sábado a sábado van salindo en "La Oreja verde", suplemento infantil de *La Nueva España*, ou os qu'parecen tamén en "El Arco da Veya", a sección pa os máis pequenos d'*ENTRAMBASUGUAS*).

Aquí, en Navia, en Tapia, en Xarrio, nestas terras entre dous ríos tamos ás veces máis solos qu'a úa pero temos a concencia ben tranquila porque sabemos que luitamos pola miyor causa: a nosa lingua, a nosa cultura, a nosa dignidá de ciudadanos d'úa terra que ten, polo menos, os mesmos deretos qu'as demás linguas d'Asturias, d'España, d'Europa y del mundo.

Esperamos qu'a Administración educativa del Principao d'Asturias seña capaz algún ano d'estos de formar fornadas novas de maestros y profesores que puxen polo noso y nos axuden neste labor, relevándonos con novas ideas y novo agayo. 



Marcos señalando os murales feitos pal
«Día Internacional contra el racismo y a xenofobia».



Dos Ozcos e da súa xente

Iglesia y burro en Samartín d'Ozcos

Dende hai us anos van abundando as publicacións de todo tipo sobre a comarca dos Ozcos, poñendo marcos según van "descubriendo úa terra irredenta". Nese proceso de descubrimento y apertura al gran público chéganse a amañar, como noutros asomeñados, auténticas fantasías fruto da mitificación ou da presa con que nos arrimamos ás cousas dende a nosa apurada vida moderna.

↓ José Álvarez Castrillón

Vai chegando el tempo de chamar a atención sobre a absoluta falta de rigor que se deixa ver na máis dos traballos. Por eles van eslimando incorreccións ou auténticas invencións que tein el peligro nel calado que collen axina, por aquilo de qu'a mentira repetida acaba sendo verdá da mao dos poderosos vehículos d'aculturación que frecuentamos.

Ún dos fenómenos máis atopados dos que falo é el das etimoloxías fantásticas, contra as qu'un admirado maestro me ten ensinado a recelar col aberrante exemplo de Covadonga ou Cuadonga, convertido en "*cova dominica*" –ou "*cova del Señor*"–, cuando quer dicir "*cova del auga*", como pode ver quen vaya alí e vexa que, a poucos quilómetros, atópase el lugar de Triongo, unde, mira qué cousas, xúntanse tres ríos. As moitas connotacións que coinciden nel caso, e que cuase todos coñecemos, fain d'él exemplo paradigmático de conveniencia da invención.

Nun caso aparecido de fabricación d'ímaxe del parque temático –qu'a eso se ta reducindo a comarca pola vía turística na que se meteu, mui respetable pro a única que se lle deixa (y eso déixase ver inxusto)–, chegouse a inventar un xentili-

cio pra os habitantes: *oscenses*, emparentándolos cos habitantes de Huesca e vinculándolos, xuntos, a os remotos oscos que chegaron dende Italia á península cuando a dominación romana núa migración colonizadora que resultaría inda ben chocante, úa cousa loca dende el punto de vista histórico, dado el pouco atractivo que pode brindar terra tan remota y humilde –por outra parte xa acupada por outra xente– pra úa comunidade concreta afincada a miles de quilómetros (quen pense na actividá mineira qu'a atribuya a outros escravos de máis cerca...).

Outra etimoloxía fantástica situóulo –el nome da comarca– en relación cua vinculación a estas terras da comunidade beneditina y os seus monxes, d'unde el territorio collería un nome derivado de "*monascus*", nel proceso d'identificación "*terra de monasciis*". El problema preséntasenos cuando constatamos qu'el nome da comarca aparece xa, como el coñecemos hoi, dous siglos antias da fundación del monasterio e, maisque a vida eremítica vinculada á cristianización, tan practicada nel tránsito da Edá Antigua á Edá Media, pinta ser que tuvo algo de presencia na zona, nun é probable que perda el esencial del seu carácter –el prefixo *mono* qu'indica singularidá e soledá, características del anaco-

reta e dos primitivos *monascus*— pra chamar un territorio col accesorio: el sufixo.

Úa lixeira reflexión sobre el topónimo *Ozc*os, e dado que na fala da zona sempre se ten chamado á comarca *Os Ozc*os —sendo “*Osc*os” úa forma pretendidamente culta—, ponnos en relación directa col orónimo *ozca*, tan abundante nestas terras e que quer dicir “paso entre penas”. El qu’había que facer despóis pudera ser consultar un mapa ou subir a calquer outeiro e ver cómo, inda nun relieve tan cauterizado polas quebradas como el asturiano, nun é duado atopar outro territorio tan articulado pola sucesión de desfiladeiros e barrancos que van comunicando entre eles os pequenos espacios chaos y os vales da comarca. Basta amecerlle a eso el riguroso y escollido sentido común dos antigos pra’amañar a toponimia —na que se vai grabando a forma de relación col medio con úa minuciosa identificación de cada sito, xerarquizándolo del xeito d’un microcosmos—, pra concluir qu’a terra dos *Ozc*os era conocida por eles como “a terra dos desfiladeiros” ou “dos pasos entre penas”, nun proceso lóxico d’identificación pola singularidad cua mesma mecánica que levóu a outros a chamar *Hispania*, “terra de conexos”, a úa Península Ibérica que nos empezos da civilización era el paraíso d’estos animais.

É un sentido d’identificación das realidades que temos perdido e inda por desgracia nos últimos tempos tamos collendo a zuna de derramar todo ese patrimonio toponímico minuciosa e lentamente construído que nos legaron sustituíndolo por absurdos testimonios d’aculturación que son a trangallada qu’imos deixar a os que veñan.

Outro lugar común aveza a considerar a comarca como un todo homoxéneo, que si lo é den de un punto de vista xeográfico —homoxéneamente diverso— pro que nun lo é socialmente, núa realidade que deixa ver ben a transcendencia das vivencias hestóricas de cada zona. É outro dos motivos de qu’el xentilicio “*oscenses*” calara naqueles que, por tar lonxe da realidade social da comarca, desconocen a súa diversidade. Os *santalleses*, *vilanoveses* e *samarriegos* tein carta d’identidá dende hai moitos siglos, de tal xeito qu’hasta aparecen esas entradas reservadas namáis pra os habitantes dos tres concellos núa obra tan respetable e pouco dada a enxamiadas locais como a Enciclopedia Espasa, na súa edición de 1920, maisque nun son poucos os lugares d’España postos baxo a advocación de San Martín, de Santa Eulalia ou Olaya, ou tamén os que seguiron sendo “vilas novas” hasta hoi. Xentilicios tan exclusivos y acreditados ben merecen un respecto.

As referencias documentales á comarca aparecen da mao da formación del dominio monástico nel siglo XII, confirmando a previa acupación d’ese espacio por vías particulares. A partir d’ese momento empézanse a distinguir a grandes rasgos dúas grandes zonas: a situada baxo el dominio xurisdiccional del monasterio, conocida como el “Coto

de Vilanova” e coincidente col actual concello, y a zona que, inda sendo en parte propia d’aquel, ta situada fora da súa lei e vinculada á obispalía; esta circunstancia, amecida ás particularidades orográficas, vai ter úa incidencia definitiva na conformación de comunidades especializadas en determinados labores —ganadeiros en Vilanova, agrícolas en Santalla e Samartín— que pouco a pouco axudan a úa identificación entre el habitante y el xeito de vida que ten.

Outra evolución posterior, xa na Edá Moderna, é a vinculación á industria, al comercio y á administración en Santalla, ás actividades agrícolas en Samartín y ás ganadeiras en Vilanova. Esto ha d’amecerse al sentimento avezado d’identificación cuas parroquias, que foi común en calquer comunidade da nosa cultura (hasta que lle deixamos á especulación chegar a os cementerios, núa seña máis de desarraigo), pra acabar d’amañar un espírito comunitario

que nun quer de ningúna maneira ser confundido col vecín. Núa terra tan escasa e tan dura, os marcos territoriales qu’a xente mama desde nace separan tanto as terras como as familias, e por extensión a os concellos, hasta que se chega a mirar mal as bodas qu’amecen familias de concellos distintos, pois cada ún vaille collendo tema á comunidade vecía, que se vai facendo tópico á forza de repetir: us tein fama de pendencieiros, outros de “señoritos”, etc. Inda hai un nivel inferior d’identificación hoi prácticamente desaparecido, como tantas cousas que nun existen máis que nel subconsciente colectivo, que distingue os que viven na *ri-*

beira dos que viven na *serra* y, a todos, dos da vila. Us son mui “alegres”, outros mui “esclavos”, etc.

Por outro lado *Os Ozc*os son un espacio de montaña, pechado en si mesmo, unde, tradicionalmente, el pouco contacto col exterior que se dá ta orientado en cada concello en distintas direccións: Santalla a Galicia, Samartín á conca del Navia e Vilanova á conca del Eo, polo que fora namáis s’usan as identificacións de concello, e de montañas abaxo cada ún sábese pertencer al mesmo espacio dos tres concellos pro nun ten que referilo porque nun fai falta: as rivalidades nel espacio social e xeográfico fainse a nivel de concello e nun compite con eles ningúna outra comunidade, todos son dos *Ozc*os. Esta conciencia chegou hasta os nosos días anque d’un xeito un pouco difuso.

Nos últimos anos tase tentando d’abrir esos desfiladeiros dende fora con un enorme afán descubridor, nun empeño sin xeito por perseguir pantasma. É agora cuando se precisa úa imaxe, úa palabra, calquer cousa que deixe ter el que nunca se vai poder entender, como se fose un bautismo que tranquiliza as conciencias. É agora cuando se ten qu’inventar un nome pra recrear algo que se deixou morrer d’abandono, e qu’é pouco máis qu’un espectro. Polo menos deixémolo morrer con dignidá. 





El Teixo

un árbol cuase sagrado

Hai un árbol que sempre chamóu el atención porque lo vemos nos montes máis veyos cuase sempre solo, sempre verde condo el resto d'árboles xa perderon as foyas col inverno. Se pudiera falar, el teixo de tronco frebudo y veyo que vela al pé de muitas igresias podíanos cuntar hestorias d'hai un feixe d'anos. Pro, ¿qué sabemos nosoutros d'esta especie?

↓ Jesús González Gayol

Os teixos levan con nosoutros muitos centos d'anos, pois os nosos antepasados sempre sintiron por eles muito respeto.

Foron árboles sagrados pra os celtas y este sentimento foise conservando cuase hasta agora. A elo seguramente axudóu el que teñan prantados al lado das

capiyas, das igresias y d'algús cementerios y que debaxo d'elos se celebrasen antes as reunións ou cabildros dos vecíos dos poblos. Pro quizabes tamen axudara a esa idea d'árbol sagrado el qu'esta especie teña un aspecto imponente, pola ramayada y a verdura intensa que ten y porque ademais sempre foi sabido qu'é un árbol de foyas y semente tóxicas y qu'hai que ter muito cuidado con elas.

Hasta agora einda temos a posibilidade de velos en algús lugares, al lado de capiayas ou casas feitas hai muito tempo. Tamén se poden ver dentro d'algús xardíos, nas casas dos americanos, pois sempre tiveron búa consideración como ár-

boles ornamentales. Quédanos referencia del sou nome en muitas caseirías y n'algún poble como *Teixo*, *Os Teixóis*, *Teixelro*, *Teixeira*, *Teixueira*, *Teixeo*, etc.

Os teixos chegan a durar máis de mil anos y a ter máis de dez metros d'altura. Afáinse a cuase todas as terras, sempre que nun s'enchumacen, y gústayes que teñan muita materia orgánica y que nun yes falte cal.

Aguantan ben todas as nosas condicións climáticas, chegando a medrar ben en terra a máis de 1.500 m porriba del nivel del mar, anque nun yes gusta sufrir xeladas na primavera. Condo hai xeladas tardías y xa tán brotados, as puntas dos brotes poinse coloradas hasta que recuperan coas brotaciós novas.

Son mui resistentes y as canas aguantan as foyas muito tempo. Un bon exemplo d'esta re-

sistencia vese na tradición que tein os romeiros da festa da Braña (El Franco), que coyen as canas dos teixos del valado da veira da igresia pra bendicilos y conservalos na casa todo el ano.



Teixo llabrado en viveiros



Foto: ÁSTUR PAREDES

Teixo en Samartín del Valedor

Esta especie tuvo antiguamente estendida por todos os montes acompañando a os carbayos, a os prádanos y a os acebros, pro por causa da deforestación y a muita valía da súa madeira foise acabando con ellos.

A madeira é de color amarronada, con vetas apardazadas y é mui apreciada polos carpinteiros y polos escultores, pois é mui elástica, dura y maciza y nun apodrece. Antiguamente utilizóuse pra feir arcos y frechas y agora ainda s'usa pra feir os arcos deportivos. Tamén se botóu mao d'ela pra feir instrumentos musicales, eixes de carro, ferramentas y pra mobles y siyas torniados.

Agora estos usos del teixo tán restrinxidos da-feito porque é úa especie protexida, tando prohibido tumbalos ou arrincalos nel monte sin permiso da Administración. Se se queren plantar hai que mercalos en viveiros debidamente rexistrados y autorizados.

Al ser úa especie rústica y que s'afái ben á terra, cada vez os teixos son máis usados nos xardíos y nos parques, tanto se se plantan al sol como se se fai en sitios aveseados. Tamén se poden usar pra feir valados y macizos pois ademáis del verdor tein muita valía ecolóxica porque as bolías coloradas que dan válenyes de comida a os páxaros.

Muito oyo col teixo

Nun se pode esqueicer que todas as partes dos teixos son venenosas pras personas; tamén a semente, agá a carne que la defende por fora, que fai esas bolías coloradas tan chamadeiras.

El alcaloide que provoca a toxicidá nos teixos é el *taxol* y sábese de pouco que ten úas cualidades muito búas contra el cáncer y en especial contra el de mama y el dos ovarios.

Nos últimos anos descubríuse a súa síntesis completa y agora tase feindo xa el *taxol* sintético, porque se non acabaría se con todos os teixos del mundo en poucos anos xa que pra tratar a cada enfermo faguería falta a paraza de cinco teixos de máis de cen anos.

Os efectos tóxicos del teixo son conocidos d'antiguo, pois xa os galos lo usaban pra envelenar as frechas. Esto é porque el alcaloide que ten as foyas, el tronco y a semente, provoca a morte por parálisis respiratoria y porque fai d'anticoagulante.

Todas estas son abondas razóns pra ter muito cuidado col teixo y nun usalo como melecía pra nada. Eso si, temos que cuidalo, querelo y conservalo como tuvo dende tempos remotos, pro sin tumbalo nin arrincalo pois é un árbol dos miyores que temos. 



EL AUTOVÍA del Cantábrico

Un camín chen de voltas

↓ Carlos Lastra López

Carlos Lastra é biólogo y profesor na Universidá d'Uviéu pero el sou llabor máis públicu ta nel campu da ecoloxía como presidente d'A.N.A. (Asociación Asturiana d'Amigos da Naturaleza), úa entidá das primeiras que s'esmoleron en Asturias pola conservación del noso patrimonio natural. Lastra bríndanos el sou ver sobre un obra polémica que ta trendo de cabeza, entre outros, a os conceyos costeiros del occidente.

A circunvalación de Navia que quer el Ministerio (nel montaxe dibuxóuse el viaducto del Meiro) vai destrozal comunidades vexetales de muita valía y vai perxudicar terras y casas. ¿Por que refugan un trazao máis interior, ambientalmente menos dañible?

Allarga tramitación d'úa autovía manda someter a información pública os proyeutos y a evaluacón d'impacto ambiental das posibles alternativas pra escoyer d'este xeito un trazao ambiental y socioeconómicamente menos dañible.

Después de cumplidos estos trámites, el autovía del Cantábrico é a infraestructura máis agresiva ambientalmente de todos os proyeutos asturianos y xa provocóu —nel treito oriental— discusióis, denuncias, amarregas de vecíos y trampas administrativas, ademáis de cortes de tráfico y manifestacióis dos llugares que tein que sufrir os perxuicios sin compensacióis (dicimos *sin compensacióis* porque as compensacióis económicas nun avezan a compensar as pérdidas dos que viven nel sou poble y das terras y montes qu'a familia ye costóu tanto caro axuntar col paso das xeneracióis).

Nel oriente asturiano el Administración impuxo un trazao que, dende Lloviu, sigue pola costa y non pol camín tradicional das comunicacióis nesa parte: Les Arriendes-L'Infiestu-Nava.

El autovía occidental: Navia-Cuaña

Se el treito oriental d'esta autovía ta dando os problemas que conocemos —y que deixa claro un día si y outro tamén a prensa—, agora é a marina occidental a qu'empeza a ver el mal que ye pode fer úa infraestructura que coye directamente 300 Ha (entre el río Eo y Outur) y que vai afectar a máis de 2.000 Ha indirectamente (ruido y contaminación de todas as menas).

Por eso é polo que vecíos individuales y en grupos organizaos, pero tamén conceyos y alcaldes, empiezan a prantar cara contra as imposicióis d'un Ministerio que brinda un trazao como el caramelo que se ye dá a un neno pra que lo coya ou lo deixe, pero sin discutir por únde convén que se faga el obra.

El alcalde de Valdés primeiro, el alcaldesa da Veiga agora, propóin *trazaos alternativos* ou qu'é miyor que nun pase polos sous conceyos. Cuaña, cua súa alcaldesa á cabeza, encariase cua imposición d'úa circunvalación de Navia —imprescindible, eso si— que vai destrozal a parte máis valiosa ambientalmente del estuario da Ría de Navia y el sou afluente, El Río Mei-



Directivos d'ANA y vecíos de Torce (Cuaña) manifestándose contra el autovía nel Esteler el domingo 19 d'abril

ro, con úa vexetación *"de muita valía ambiental"*, como la considera el Dr. Bueno nel sou llibro *Flora y vegetación de los estuarios asturianos* (Uviéu, 1997): el terceiro estuario despóis de Villaviciosa y el Eo (os dous reserva natural) pola súa riqueza de flora halófila y subhalófila y a complexidá y diversidá xeomorfolóxicas. Sin duda, *"ún dos miyores contactos entre dunas y marismas"*.

Esta vexetación, ademáis da fauna da ría, aves protexidas mayormente, llóndrigas y llampreas tamén —entrambas y dúas especies del Catálogo asturiano de vertebrados amenazaos— y el típico paisaxe da marina, con casas, terras y servicios afectaos en San Esteba, Folgueziras, Xarrio... fain qu'haxa que refugar un trazao tan achegao a Navia, con un impacto *"severo"* —el segundo peor dos posibles, despóis del *"crítico"*— na vexetación. Esto dizlo a evaluación d'impacto ambiental feita pública que fala tamén da *"fraxilidá d'un paisaxe netamente fluvial"* y del destroz nel monté *"del pouco que queda de vexetación orixinaria, entre El Río d'Anlleo y Navia"*.

El problema é qu'a esa *"fraxilidá"* nun é que la vayan afectar namáis qu'el autovía ou el viaducto que ye van chantar al Río Meiro, ou os desmontes que se fagan, senón qu'os trabayos pra fer os pilares del viaducto y toda el obra van acabar col qu'é máis valioso: a vexetación da ría y dos sous alrededores.

Un trazao máis desviao da villa nun ye fai mal a Navia y respeta Cuaña y a ría. ¿Por qué nun se re-

conoz asina y, einda pior, faise al rovés? Dicimos precisamente al rovés porque se diz qu'ese posible trazao máis desviao de Navia é "menos dañible pral paisaxe natural" (condo lo que ta máis natural é lo costeiro) y que "nun iba captar el tránsito del casco urbano" (condo a circunvalación quérenla precisamente pra quitar de qu'haxa os atascos y as molestias dos viaxeiros que pasan, porque os de Navia que lo precisen xa salirán a buscar el autovía).

Y todo esto falando del treito Navia-Cuaña, porque os problemas cuas concentracióis parcelarias de Tapia ou col paso por Castropol-A Ponte dos Santos ou pola Veiga son evidentes y namáis poden evitarse con outro trazao.

Un trazao interior: as manifestacióis d'abril

Así y todo, a circunvalación de Navia fai falta pra completar a miyora da N-634, pero el resto del autovía (del Eo a Outur y d'Outur a Tamón) nun ten que darse por decidido por máis que yes interese ás autoridades pra colgarse medayas. Porque a medaya nun pode ser enxamáis fello mal, conto antias y por unde sí, senón pol sito ambientalmente menos agresivo y miyor pr'Asturias. Non por unde diga Fraga ou el goberno gallego, senón por unde sía miyor pr'Asturias.



Representantes de SAC-COAG, UCA, ANA, ganadeiros afectados y el alcaldesa da Veiga, na roda de prensa de Rapalcuarto (Tapia)

Por eso pidimos sempre dende A.N.A. que se poña en estudio el trazao interior Uviéu-Grau-Curniana-Salas-La Espina-Tinéu-Allande-El Palo-Grandas de Salime-El Garabocho-A Fonsagrada. Que s'estudie el impacto ambiental por allí, que pola costa xa se ta vendo qu'é inadmisibile.

D'este xeito lo tán vendo os conceyos costeiros y lo tán reivindicando máis y máis conceyos del occidente interior. Alcaldes d'estos conceyos suroccidentales refugaron xa varias veces, cua *Plataforma pola autovía del Suroccidente*, os caprichosos proyeutos ministeriales y, el 19 d'abril, en todo el occidente, a todo el llargo da carretera N-634, vecíos dos conceyos da marina, sindicatos y ecoloxistas, dixeron claramente non al trazao decidido pral Autovía del Cantábrico pol Ministerio de Fomento sin estudiar sequera a posibilidade d'outro trazao polos conceyos interiores asturianos (Grau, Salas, Tinéu, Allande y Grandas de Salime) qu'iba ser el auténtica alternativa y non a que ten entre maos el Gobierno (namáis pra Galicia): pola costa de Lugo ou por Vilalba.

Na roda de prensa que se deu en acabandó a manifestación convocada el domingo 19 d'abril pola *Coordinadora de grupos contra el trazao del autovía* en Rapalcuarto (Tapia), representantes de sindicatos agrarios, de grupos ecoloxistas y culturales, de vecíos afectados y alcaldes, deixaron claro el perxucio del autovía tal y como se quer imponer, esixiron volver plantiar el trazao y que se discutan as alternativas y refugaron que sía Galicia quen decida as infraestructuras asturianas. Dende A.N.A. volvemos alló na necesidá de que s'estudie el impacto ambiental d'ese trazao interior verdá *antias de decidir miga*, y decidillo atendendo con seriedá y non con trampas (qu'é el que vén fendo el Administración) a ese estudio d'impacto ambiental.

Competencias asturianas

As competencias en ordenación del territorio son autonómicas dafeito y úa autovía é un feito funda-

mental y indiscutible pra úa planificación territorial. Por eso habería que discutir na Xunta Xeneral del Principao –a cámara parlamentaria asturiana– el trazao miyor pero habería que demostrar tamén, y claramente, únde ta el beneficio pr'Asturias, se se tán destrozando as posibilidades agropecuarias poñendo úa pasarela entre Galicia y Europa porriba d'Asturias y por unde menos convén a os asturianos. Nun ta miga demostrao qu'esa tubería de tránsito beneficie a Asturias.

Nun son as autovías el única solución de comunicación. Nun é el que precisa a xente –como queren fernos crer os interesaos nel obra pública–. Miyorar toda a rede viaria é máis útil y necesario pra os conceyos, pra todos y en especial pra os da marina occidental, agora xa abondo comunicaos condo completen a N-634 por Navia. Poñer, úa derriba d'outra, grandes infraestructuras en Asturias perxudica en vez de dar riqueza y perxudica mui especialmente al patrimonio natural y ás súas indudables posibilidades de futuro.

Conclusión

El desprecio belixerante dos gobernantes asturianos por dalgús asuntos (como os ambientales, os llingüísticos...) fai qu'actúen como se nun esistiran. Pra ellos "nun hai problemas tales", pero os problemas tán ei y salen a cada volta máis gafos: obras que se paran con encadenamentos ás máquinas y vecíos que refugan que yes impongan esas obras. Obras d'un interés xeneral suposto pero non demostrao que los perxudican y que perxudican el patrimonio ambiental –qu'ése si é d'un interés xeneral y público–, son problemas reales. A oposición vecinal cada vez mayor a esa imposición –que nin sequera é despotismo ilustrao senón imposición d'escuros intereses particulares– tamén é úa realidá. Os vecíos defenden, cua súa facenda, un interés xeneral y público tan importante –pra nosoutros muito máis– qu'as grandes infraestructuras. 

Os SALTOS d'augua

Iluces y solombras nel aprovetamento hidroeléctrico del valle del Navia

El salto de Doiras

Nel valle del Navia puxéronse al llargo d'esta centuria tres saltos d'augua, Salime, Doiras y Arbón, que trouxeron con ellos, y einda siguen féndolo, importantes tresformacióis na traza del territorio. El aprovetamento hidroeléctrico da forza del augua trouxo lluz... pero tamén dalgúas solombras.

↓ José Ramón Fdez.-Tresguerres Rodríguez

A construcción del Salto de Salime, por exémplo, trouxo a desaparición debaxo das súas augas de dellos llugares (oito, concretamente), cousa qu'obligó a dalgús dos qu'allí vivían a mudarse a outros sitios feitos adrede na comarca de Terra Cha, en Lugo, ou na zona da marina asturiana. A outros llugares como Pénjamo ou Vilarpedre cortáronyes as súas comunicacióis hasta chegar a depender enguano da barca que yes pagan as empresas Electra del Viesgo y Hidroeléctrica del Cantábrico, entrambas y dúas amas del salto.

Así y todo, al pé del, hasta agora, único aprovetamento eléctrico d'estos saltos, xa se van notando os empezos, pequenos pero esperanzadores, del aprovetamento turístico como deixa ver a construcción hai poucos anos del hotel *Las Grandas* na veira del salto de Salime. Esperemos qu'estos recursos endóxeos novos valian pr'afixar a cada vez máis menguada población d'esas terras.

Taría ben, primeiro, recordar dalgús datos del Río Navia y espoñer tamén dalgús aspectos técnicos y hestóricos d'estos tres importantes impactos sufridos pol río nel sou calce.

A construcción dos saltos

El Río Navia naz a 1.240 m d'altura nos montes do Cebreiro en terras luguesas, entra en Asturias por Vilagudín y vai corriendo por entre materiales pizarreros y cuarcíticos en cuase todo el recorrido. Esta mena de material torna el absorción del augua das arroyadas y fai qu'el río encha muito en conto empeza a chover curioso.

El primeiro dos tres saltos feitos foi el de Doiras (Bual, aunque coye muito d'Eilao), que foi feito por Electra del Viesgo entre os anos 1929 y 1933. Das súas características técnicas namáis dirémos as mididas da presa: 76 m d'altura que ye deixan represar úa capacidá de 115 Hm³. Houbo abondas dificultades técnicas al hora da súa construcción por causa das deficiencias que tía a terra prá súa cimentación como consecuencia da muita permeabilidá. Estas dificultades amañáronse inyectando productos de compactación, cousa que fexo abondo máis cara el obra.

17 km máis abaxo ta el salto d'Arbón (Villayón), qu'anagóu tamén terras de Bual. Empezóu a ferse en xulio del ano 1967 y el altura da presa é de 28 m,

que ye deixan represar namáis 12,8 Hm³. É, como imos ver, a máis pequena das presas. Igual que pasóu con Doiras, tuvéronse que fer pantallas d'impermeabilización da terra das barrancadas unde se fexo a presa, chegando a injectarse us 14.000 m³ de mezcra d'inyección. Tamén é propiedá d'Electra del Viesgo.

El salto de Salime (Grandas de Salime), que coye tamén parte d'Ayande y Ibias y parroquias de Negueira de Muñiz na vecía provincia luguesa, empezóu a ferse nel ano 1946 y nun acabóu hasta despóis de sete anos, en 1953. Ta 22 km máis enriba da presa anterior, a de Doiras. El altura da parede da presa é de 112 m, el que nos pode dar úa idea aprosimada da súa espectacularidá y del grande da superficie que coye toda el augua: us 30 km con úa capacidá de represar hasta 256 Hm³.

Pra fer esta presa tan espectacular fexo falta amañar un teleférico que valíu pr'a chegar dende el porto de Navia el material que se precisaba pral obra, xa qu'a carretera feita nun era abondo. A súa llargura pasaba dos 35 km y construíu úa compañía italiana de nome Caretti-Tanfani.

Nos últimos tempos fixéronse estudos de rentabilidad pra mirar de tentar de reconstruir este teleférico, anque con us fines del todo distintos. A necesidá de cuase ter que volver fello y as inversións tan altas que fían falta, pinta que nun deixan moitas expectativas de sacarye rendedeira polo qu'a súa reconstrucción, a lo menos pol momento, ta parada. A verdá é que namáis quedan dalgúas torres que nun iban valir pra ter polas cabinas d'uso turístico al que se quer destinallo.

Pra poder dicir os beneficios ou perxuicios que trouxo consigo a construcción dos tres grandes saltos del Navia hai que fer primeiro un balance pequeno nel debe y nel haber dos conceyos afectaos y deixar qu'os demáis xuzguen y saquen as súas propias conclusións.

Os beneficios pral valle del Navia


A gran produción d'enerxía que se manda dende a zona, primeiro hasta as estacións de Sta. Cruz de Mieres, La Corredoria en Uviéu y Ceao en Lugo, pra distribuilla despóis al resto del estao. Entre os once grupos eléctricos produz úa media anual de 785 millois de quilovatios.

Os ingresos sacaos polas arcas dos sete conceyos asturianos afectaos (Ibias, Grandas de Salime, Ayande, Pezós, Eilao, Bual y Villayón) ademáis de Negueira de Muñiz en Lugo.

El aproveitamento turístico cada vez mayor da comarca de resultados da posibilidade de fer deportes acuáticos. Nel salto de Salime, remo y navegación de todas as menas, hasta a vela, pral qu'é muito bon por causa del dominante vento nordés. Hai embarcadeiros nel Salto y na Casía. Nel de Doiras hai accesos pra navegación en Llanteiro y Xío. Nel d'Arbón tamén hai en Sarandías un albergue con actividades de remo.

Dende el punto de vista artístico y arquitectónico hai que falar das obras de Vaquero Palacios y Va-

quero Turcios nel Salto de Salime. Nél, ademáis del edificio unde ta el grupo termoeléctrico, fixeron a decoración interior da sala de máquinas con un mural mui grande (máis de sesenta metros de llargo) y os importantes relieves feitos por Vaquero Palacios. Todo esto llevóu á súa catalogación, xunta outros cuatro edificios máis d'Asturias, por parte da



Salime á vista, el última vez que valleiraron a presa

organización Docodomo (Documentación y Conservación del Movimiento Moderno). A entrada, como dicen as guías turísticas, é reservada, polo que temos que poñello nel debe con dalgús reparos.

A criación de 60 empregos na actualidá, anque nel tempo de construcción el número de trabayadores foi muito mayor.

Sito importante pra qu'anien as aves acuáticas, mayormente en Salime, unde, dende el ano 1985 pola orde xeneral de vedas, ta prohibida a caza pol sou especial interés ornitológico.

El emprobecemento d'un territorio

Tamén é obrigao falar das cousas que tán nel haber da comarca como resultao das tresformacións sufridas nel valle del Navia.

Hai que falar primeiro da contribución al despoblamiento da zona y el desarraigo dos antigos habitantes que tuvieron que deixar as súas casas de sempre. Máis de 150 personas víronse obrigadas a mudar de sito.

Nel conceyo de Grandas, por exemplo, pasóuse entre os anos 1940-1960 de 3.590 habitantes a 3.430, lo que vén a representar un 4,45% menos de

población. Pero estes datos asustan máis se comprobamos os aportaos por Riesgo Fernández nel seu estudo da comarca del Alto y Medio Navia: "Sobre úa superficie que representa un pouco menos del 3% da extensión total d'Asturias, vivían nel ano 1900 un total de 12.386 habitantes, lo que representa al tempo un 1,97% de toda a población asturiana. Oitenta y oito anos despois, el valle, nel treito del que tamós acupándonos, presentaba úa población censada de 6.250 almas, cuase el dobre menos qu'en 1900 y namáis un 0,5% dos habitantes d'Asturias".

A perda das miyores terras prá llabranza ou el gao como eran os fondos dos valles hoi anagaos pol augua.

A desaparición del patrimonio hestórico y etnográfico cúa destrucción de varios lugares como Santa María de Salime. D'esta población temos dalgús datos del *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y Colonias de Ultramar* de Madoz y que cito textualmente: "Sit. en un profundo y estrecho valle rodeado de elevados peñascos, a la der del r. Navia; vientos más frecuentes, NE. y SO. CLIMA cálido. Tiene 30 casas; un hospital de peregrinos y una igl. dedicada a N^{ra}. Sra. del Puente, la que es bijuela de San Salvador de Grandas. Hay también 2 capillas dedicadas a San José y San Antonio, de propiedad particular"


Tamén desapareceu debaixo del augua A Ponte de Salime, paso tradicional del camín de Santiago pol interior, que taba feito de pedra y con un arco namáis derriba d'úa ozca impresionante que lo emporondaba 50 m. porriba del río. A súa figura ta nel escudo del conceyo.

Os destrozos na llabranza das viñas, tradicionais en todo el valle, y que se ven ben amoladas pol oumento da humedanza da zona por causa del efecto da *evaporación-condensación* del augua represada nos saltos. Hoi as viñas tán cuase desinciadas nel valle agá nel conceyo de Pezós unde einda se mantéin.

A deforestación dos fondos dos valles hoi anagaos y nel sou tempo cubertos d'úa vexetación mestá típica das ribeiras del río: umeiros, llameiras, freiros, álamos, avellaneiros, salgueiros... Amáis d'esta vexetación tamén menguou a fauna asociada a ella.

As variacións ben apreciábles nel microclima da zona, aparecendo factores d'*inercia térmica*, quere decir, el retardo dos procesos climáticos en condicións normais. Oumenta a nebra y as precipitacións ademáis da humedanza absoluta y relativa como xa dixemos máis enriba al falar das viñas.

El salmón desinciouse nel Alto y Medio Navia por causa de nun poder pasar a barreira infranqueable das presas nel sou camín de remontada. Enguano namáis nos 14 últimos quilómetros del río se poden pescar salmóis. Pero, antano, y según as estadísticas qu'hai de capturas, era ún dos ríos asturianos de mayor riqueza piscícola.



El salto d'Arbón

Tresformacións nas súas infraestructuras viarias que nun yes deixan comunicarse por terra a dalgús lugares. Hai qu'amecer a estos casos a incomunicación que vai sufrir a parroquia ibiana dos Coutos cúa presa que se quer fer nel Alto Navia.

Conclusións

Con estos y outros datos que podíamos ir amecendo na conta tanto del debe como del haber d'estas obras hidráulicas y que nun vou fer por nun allargar muito a relación, tíamos que tar en condicións de poder opinar se merez a pena el que se fexo nel valle del Río Navia. Muitos dos factores aquí espostos iban a tar bus de valorar col método de coste-beneficio xa que se poden pasar a pesetas. Outros, como el aforio ou perda de tempo nas comunicacións temos que midillos en términos físicos (tempo), y outros, máis malos de cuantificar, en términos afectivos, pero todos ellos pódense evaluar. Qu'outros xuzguen el qu'aquí s'espuxo. 

BIBLIOGRAFÍA

- CUARTAS, Javier: "El río que nos alumbrá", *La Nueva España*, 26 de novembro de 1995.
- JARDÓN, J. & QUINTANA, J.: "Salime resucita sus fantasmas", *La Nueva España*, 22 d'agosto de 1997.
- LASTRA LÓPEZ, Carlos: "L'Altu Navia revive unes selmanes", *La Nueva España*, Agosto de 1997.
- MADOZ, Pascual: *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y Colonias de Ultramar*, Ámbito Ediciones, Valladolid, 1985, Edición Facsímil.
- MORALES MATOS, G. & VALLES FUEYO, M.: "Ríos, lagos y embalses", *Geografía de Asturias*, I, Editorial Prensa Asturiana S.A., Uviéu, 1992.
- RIESGO FERNÁNDEZ, Xosé Nel: "La comarca del Alto y Medio Navia: Grandas de Salime, Pesoz, Boal e Illano", *Geografía de Asturias*, II, Editorial Prensa Asturiana S.A., Uviéu, 1992.
- VV.AA.: "Oscos-Eo, Navia", *Gran Atlas del Principado de Asturias*, III, Ediciones Nobel, Uviéu, 1997.
- VV.AA.: *Ríos salmoneros de Asturias*, ALSA, Uviéu, 1987.

El morbo d'un pecao común

↓ José Manuel Martínez Castro

El barqueiro xa tía feita a marea y amostraba ter présa por iscar d'alí. Pepe ouguíuilo den- de a cama esconsonao. Nesa hora deberan tar chegando al sito de largar el apareyo pe- ró el patrón tamén tía as súas cousías, y ás veces as mañás de sábado empapizábanlo.

Pepe nun se queixaba de qu'ese día nun lo chamaran pra dir al mar, porque el borrachón veyo que ye daba trabayo na lancha era el miyor pescador da ría y os homes qu'iban con él partían quíñóis lar- deiros polos días d'ameicerer ruíos; anque si é verdá que sintía un comicio agoiro condo el sono nun vía agora que tía tempo pra durmir sin esmoleduras. Dir morto de sono todas as mañás sin devecer por outra cousa máis que por salir al mar y ter un bocadín pra deitarse, y pasábaye agora que, na gran cama matri- monial y con razóis asgaya pra tar roncando, nun s'a- provetaban as noites.

El home espurriuse pral outro lao da cama, apalpando el sen calecío qu'acupara a muyér namáis us minutos antias y deuse de conta qu'iba xa camín del mercao da Veiga nel mesmo momento nel qu'el barqueiro deu el último chifrido. Nin ese consolo tan sequera. D'amañarse que fose col corpo satisfeito; que Carme y él nun ch'eran tan veyos.

Ouguíanse pasos na porta, embaxo. Tarían che- gando as costureiras. Esperezóuse pensando na súa fiya moza y en que Carme y él si eran dalgo veyos por ter úa rapaza así que xa yes podía dar netos. Ve- yo pero trabayando todos os días, ou cuasemente, porque a madurez chega primeiro, por disgracia, pra úas cousas que pra outras.

"Carmín", chamóu á fiya, mentras baxaba polas escaleiras. Estas muyeres trabayan a estaxo pero es- quécenyes a miudo dalgúas xeiras, y el home da ca- sa entórnase. ¿Únde ta el pan fresco?, y a cocía inda apagada, y el gato durmindo nel pico da mesa. "Car- mín, vouche dar un bon repaso", pensaba pra si.

Pepe apuxou de súpeto a porta da sala, anque nun atopóu el que buscaba nin s'acordóu máis da fi- ya. Úa moza taba de pé delante d'él poñendo el vis- tío y faltóuy tempo pr'abotuar malamente a brusa. ¿Quén s'acordaba de Carmín? El almuerzo taba mirán- dolo, el pan fresco espelía debaxo da tela branca, el forno de seguro taba prendío, y el gato... ¡que morra el gato!

A mocía volvéuy a mirada de fema descuberta, non de nena entrecoitada, y a Pepe véronye de su- cate afogos dos anos mozos; nun digo afogarse nel lume d'úa pasión, qu'eso xa nun queimaba, senon afogarse fendo toladas, renembrar cousas de nenos, saltar outra vez al horto del cura. Y levando á moza nel colo saltaron os dous escaleiras pr'arriba, nun fo- se qu'a fiya parecese de sutaque y alí el pan cocera hasta torrar.

Pepe enguruñóuse entre as sábanas bordadas cuas letras del sou nome. Nun quería que vese el día. Que lo piyasen na cama, que subira a fiya a esperta- lo. Nun iba baxar esqueirando quén entraba y quén salía, pero escuruxarse nun sería na casa. ¡Cata qué cubil pra esconderse, el lugar del crime! Se el gato y



a fiya nun dicían miga y a mocía nun volvía cayer en pecao, miyor taría pasiando polas calles anque se ye vise a culpa na mirada. Que por él nun habería de saberse, a menos qu'a naturaleza dera nel cravo.

Mais, tanta gracia divina escachóu nun par de meses. Proclamas. ¿Quén vai? Aquelá rapaza tan gua- pia que vía coser á casa. El home acabóu de gastar a sorte d'aquel domingo núa mesa del chigre, al lao de

dous amigos. Recoyéuse sobre si y empezou a deixar qu'el viño fora traendo as frases y todas esas miudanzas que fain que se podan crer os relatos fabulosos. Y os amigos creron. "*Ramón, bótanos viño*".

—Bota, Ramón, bota. Bota el candao á porta se nun ques que ch'entren os ladróis, pero nun quiras botar el mourón a os contos que van del mostrador del chigre pral camín porque é poñer al vento en corentena, y nun hai lazareto unde coyan os chismes de personaxes conocíos; a os outros lévalos el desinterés por mui formidables que sían, mais a paya nel oyo del vecín... hasta a os cegos yes aluma.



Cegas iban a madre y a fiya, y xordo el gato. Rocelas descórrense as cortinas, meiroleiras achéganse as mulleres na fonte pra sabichar se a Carne dalgúa pega ye canta. Cousas d'elos, aló s'amañen. ¿Cómo cuntárye á muller feliz de guardar un bon home y qué iba pensar a fiya del padre a quen adora?

Ei vai el home. De criaio a señor nun golpe de fortuna. Nel buscan ás beatas os dentes del demo pra

tentar a carne y outros vicios mortales; nel espéyanse os homes sin que yes día laya nengúa, como se fora el patrón dos pescadores.

A hestoria vaise cuntando; relátase sempre, repítese. A imaxinación del narrador esqueice dalgúas cousas, apondera outras y ás veces trespinta a verdá. Un día al conto xa nun ye salen máis fiyos bastardos y hai que buscar dentro d'él, nas súas dobreces, deixar que sía el qu'escuita quen argaye y compoña tramas novas.

—Na mesma cama inda quente unde durmira cua muller.

—Na mesma cama. ¿Inda quente?

—¡Inda quente!

Calente, si. Temprada col calor da muller. Calceda nel corpo da parexa engadada. Sábanas limpas recendendo a chuchos meleiros, a garatusas. As paredes del nío familiar arranchao pr'aveirar a os pitíos, rachadas pol peso d'úa estraña. Daqué tan sagrado como el corazón del Cristo que se guarda nel Santísimo, sacao al sol, recudindo a todos os ventos.

Pepe xa nun pode miraryes pra os ocos a os sous vecíos; inda menos a os das mulleres. El home encóyese sobre si, esmortanxao anque culpable. A súa conciencia estrágase con cada saludo que refugan os demais; el desasosiego empúxalo pral verdugo, pral momento de pagar polas faltas graves que fexo. ¡A conciencia! El saberse responsable. Pepe acábase debaixo da solombra da súa cruz y namáis un resqueimor manténlo al marxe de dar en tolo.

¿Qué pasaría de tar a cama fría? ¿Qué dirían de felo na cama sin desfer, ou nel tarrén, ou de pé escontra a ventá? De súpeto pasou de Mesías a Cristo crucificado y el home pergúntase respetive d'estas custióis pras que nun ten resposta. El é namáis un pescador d'andar al día, un infeliz. Nun conoz qué quer dicir a palabra morbo. A Pepe enseñáronye dende neno a ser xusto y a portarse con correición. Dase de conta de que nun foi de lei pero ¿qué sabe el da morbosidá?


Hai un virus ruín encuruxao nel sangue dos seres sociais, nel peleyo dos xeitos y as maneras, na mena dos convencionalismos. Hai un mal de nacemento qu'a xente tapa con un repertorio de visaxes apresos; como esos coxos que sempre miran pral mesmo lao, el da perna búa. Hai dalgo magorento tamén nas miyores casas. Daqué cheira a podre igual nos homes castos que nas femas puras.

De seguro que Carne sábelo xa y qu'á fiya dóleye. Rezan as dúas pra que nun volva pasar y hasta pediría perdón a muller por nun saber únde deixou de contemplar al home. Sin merecelo libróuse Pepe del xuicio matrimonial.

Mais hai dalgo qu'inda queda de deber. Pase nun terye lei á muller pero enxamáis enriba d'úa cama inda quente. É esa miudanza tan pequena a que ceiba os sintires máis baxos da xente.

El misere pescador nun sabía que nel sou pecao corrente y ordinario taba pechao un mal sin cura. Y é que nun se ye poden poñer os cornos a todo un pobo. 

Llibros




ESTUDIOS DAS TERRAS DEL NAVIA-EO

- Varios autores.
- Coleición Os Llibros d'Entrambasaguas nº 1, Academia de la Llingua Asturiana, Secretaría Llingüística del Navia-Eo, 1998.
- 195 páxinas.

Primeiro número d'Os Llibros d'Entrambasaguas, colección que edita el Academia de la Llingua Asturiana a través da Secretaría Llingüística del Navia-Eo.

Neste volume colectivo xúntanse todas as comunicacións que se presentaron en Uviéu alló nel ano 1996 nas XV Xornaes d'Estudiu organizadas pol Academia de la Llingua Asturiana. Publícanse aquí sólo as que tían que ver con asuntos del Navia-Eo: investigacións hestoriográficas, estudos etnográficos sobre el hurro, a casa, a recoyida del ouca, a roupa, os sistemas de regadío, as agrupacións musicales, reflexións sobre a enseñanza del gallego-asturiano, sobre a relación entre a fala y el desarrollo local, traballos de mena llingüística sobre dalgús fenómenos da nosa fala... Todo feito por xente da zona y por especialistas da Universidá asturiana; us traballos en gallego-asturiano y outros en asturiano. Cultura de noso, al cabo.



Mais cultura

El sábado 8 d'agosto han a ferse na Casa de Cultura de Castropol as Primeiras Sesiós d'Estudio del Occidente. Promovidas pol Conceyo castropoleño, cúa colaboración da Secretaría Llingüística del Navia-Eo y úa subvención da Conseyería de Cultura, han a xuntar en sesión de mañá y tarde a estudiosos da cultura das nosas terras. Llingua, lliteratura, hestoria... na nosa fala. Aproveitando el ocasión preséntase el llibro *Estudios das terras del Navia-Eo*.

Estas Sesiós tein a novedá de que van anunciarse, na nosa fala, na radio y na televisión local. Tamén vai haber esos días na Biblioteca úa exposición de llibros y publicacións en gallego-asturiano. Úa búa ocasión pra'afondar máis nel coñecemento da nosa cultura.



Enseño

El claustro del Instituto "Galileo Galilei" de Navia aprobó el mes de febreiro pasao a creación d'úa asignatura optativa de gallego-asturiano pral curso que vén. É úa consecuencia natural del diseño curricular del centro, que fala del respeto y a implicación que ten que ter cúa fala del entorno. Agora sólo resta qu'a Conseyería de Cultura del Principao mande un profesor al centro pra cubrir esa nova necesidá educativa.

Lliteratura


Entre os días 27 y 29 de marzo celebróse en Lluanco (Gozón) a V Xunta d'escritores asturianos. A ella asistiron non sólo escritores en asturiano senón que tamén tuvo presente a nosa fala, el gallego-asturiano. Crisanto Veiguela, poeta veigueño, falou da nova poesía que se ta fendo polos escritores da rexón del Navia-Eo, a os que denominó "poetas en lingua gallega". Fredo de Carbex, colaborador d'ENTRAMBASAGUAS, espuxo na súa comunicación el sou ver sobre a polémica da definición da nosa fala como "gallego-asturiano" ou como "gallego" a secas, poñéndose del llao da primeira das definicións y da visión qu'hai detrás d'esa denominación. Defendéu un camín normativizador unde nun tían riñidos os criterios de corrección y pureza llingüística col respeto y el achegamento á fala viva. Carbex insistió nesa idea: mal imos se pra defender a supervivencia da fala del Navia-Eo temos qu'escribir noutra llingua, ermá y asomeñada, pero que nun é a nosa.

Con motivo d'esta Xunta editóse un llibro que quer ser úa mostra dos poetas mozos y unde, ademáis dos escritores en asturiano, Fredo de Carbex publica tres poesías y fai de representante da lliteratura d'enguano en gallego-asturiano. Entre as conclusións qu'aprobó esta Xunta d'Escritores ta a de pedir a oficialidá del asturiano y del gallego-asturiano.

Revista

Temos que chufaryes a revista *Asturies. Memoria encesa d'un país*, publicación del "Conceyo d'Estudios Etnográficos Belenos". *Asturies* xa vai pol cuarto número y nel último, como xa é aveza, fábase d'un feixe d'asuntos, todos relacionaos cúa nosa comunidade: hestoria, antropoloxía, etnografía, arqueoloxía, música, economía, fauna... A publicación, de máis de cen páxinas a todo color, ten úa presentación feita con todo el procuro y qu'axina enche el oyo.

As colaboracións tán escritas en asturiano mais sempre hai sito prá nosa fala. D'esta volta é un interesante artículo en gallego-asturiano, "Os estelleiros del Porto", d'ún dos mayores especialistas asturianos en temas marneiros: Monchu Rodríguez. El autor fai un repaso del actividá da construción de barcos na centuria pasada nel Porto (El Franco) y hasta brinda úa llista das embarcacións qu'allí se fixeron. Illústrase todo con fotos veyas d'este llugar pixoto.



Concursos

Acaba de convocarse el VIII Premio XEIRA de narracións curtias que, d'esta volta, aumenta a súa dotación, 75.000 ptas. As obras tein que mandarse por cuadruplicao nun sobre sin remite a XEIRA, Apartao nº 5, 33750 A Caridá. Dentro del sobre hai que meter outro, zarrao, unde se metan as señas del autor ou autora. El prazo péchase el 15 d'outubre de 1998.

CONMEMORACIÓIS

↓ Manuel García-Galano

Este ano noventa e oito é un ano de conmemoracións que poiden en pé veyos recordos sobre os qu'inda se reflesiona ou se discute. Xa saliron y salirán centos d'artículos y feiránse debates que se referirán -d'un xeito ou d'outro- al noventa y oito d'hai un siglo, nos que se falará, entre outras cousas, da xeración d'intelectuales á qu'aquel ano deu nome, das guerras coloniais y del precio qu'houbou que pagar por todo aquilo, de García Lorca, da Conferencia de París y, nun plano máis achegado, máis local, recordarás -cómo non- a morte del marino de Serantes, Fernando Villamil, luitando na guerra de Cuba.

Nun vou falar de nada de lo que queda dito posto qu'outros con muito máis acerto qu'eu xa lo fixeron ou lo feirán. Vou nomáis a referirme a un centenario que ten que ver col que foi, polo visto, el primeiro periódico que s'editou nel Partido Xudicial de Castropol, *El Faro de Tapia*, qu'era el órgano del *Círculo Católico de Obreros* de Tapia, y qu'el sou primeiro número vía a luz el 16 de xeneiro del ano 1898. Era úa publicación quincenal que salía el primeiro y terceiro domingos de cada mes y, según poñía nel encabezamento, chamábase defensor dos intereses morales y materiales del occidente da provincia.

Como queda dito, el periódico editábalo el *Círculo Católico de Obreros* de Tapia, que fora fundado nel mes de setembro del ano 1897, y qu'era úa entidade nacida baxo a inspiración da doutrina social da Igrexa alumada pol Papa León XIII na súa Encíclica *Rerum Novarum*.

Esta sociedade exercéu muita influencia na vida local de Tapia y fexo úa gran actividá nel orden da enseñanza tanto de nenos como de maiores. Así lo proba el feito de que s'impartisen a diario crases de gramática, lectura y escritura, francés, dibuxo, aritmética, xeografía, historia, música y relixión y moral.

Fixeron tamén bon labor cultural y artístico, y axina organizaron un coro, úa rondalla y úa banda de música, y tamén un grupo de teatro d'aficionados. Eran chamadeiras as veladas literario-musicales que celebraban en días señalados qu'acupaban á tarde entera y nas qu'actuaba xente non sólo da localidá si-nón das vilas vecías como a de Castropol, da qu'el músico Enrique Murias vía a miúdo a tocar el piano, ou da Caridá, d'unde topamos tamén actuando nelas al cura-organista Demetrio Fernández, coadxutor d'aquela parroquia. Outros colaboradores d'estas funcións eranlo Renato Le Roux, un inxenheiro francés que dirixía as minas de ferro de Porcía -que daque-

la taban en plena actividá-, así como algús catedráticos del *Instituto Casariego* de Tapia.

De todo esto y de muitas cousas máis nos deixou noticia *El Faro de Tapia*, qu'al sou centenario me tou referindo, si ben pouco máis que de pasada, pois as treixuadas da salú nun me dan fole pra muitas concesións máis aló qu'a de deixar constancia d'esta efeméride.

Era ún dos propósitos del periódico (que no máis durou dous anos) "*iluminar la poco despierta inteligencia del obrero*" y preservalos "*de lecturas perniciosas, proporcionándoles un contraveneno, sin olvidar lo que, aún siendo de un orden puramente material pueda serles útil para la vida*".

Un nun pode menos qu'imaxinarse aqueles tempos y el Tapia d'aquel final de siglo unde seguro que chamaba el atención el cambio urbanístico qu'a vila experimentara cúa construción, ademáis del porto, dos tres grandes edificios -el Instituto, el Ayuntamiento y as Escuelas- obra del gran benefactor local D. Fernando Fernández-Casariego y Rodríguez-Trelles, que, xunto cúa praza del mercado y a nova igrexa que se taba erguendo, ye daban outra panorámica na qu'a nota alegre poñeríanla os estudantes del Instituto de Segunda Enseñanza -en búa parte de fora-, pois era entonces el único en muitas leugas á redonda.

Tamén el porto tía muito movemento, xa que nel se cargaba el mineral de Porcía, qu'era trido desde alí en carros del país y así vemos cómo nel mes de marzo del ano 1898 *El Faro de Tapia* rexistra úa entrada de nada menos que nove vapores. Nesto fomos a menos, como tamén lo fomos nel número de nacementos, xa que de xeneiro a abril d'aquel ano naceron nel concexo 43 nenos, mentras que nel mesmo periodo de cen anos despois, ou sía, neste, sólo lo fixeron 9.

Sabemos tamén pol periódico qu'un quilo de carne costaba daquela úa peseta, dúas úa medida de trigo y outras dúas úa medida de fabas. Abonda con dicir que por sete rales podía comprarse úa arroba de patacas y por nove perróis úa medida de castañas.

El Faro de Tapia tuvo un fiyo, que se chamou como sou padre y que viviu tres anos, de xeneiro de 1956 a decembre de 1958, y qu'era editado pol Centro de Iniciativas y Turismo de Tapia. 

POSDATA: Despois d'escrito este artículo entérome de qu'el Conceyo de Tapia pensa fer úa edición facsimilar d'*El Faro de Tapia* pra presentar este brao. Nun podo máis qu'alegrarme pola noticia y felicitar-me porque, al cabo, toda a xente interesada vaya poder disfrutar y consultar este periódico.



A brisca d'Antón y outras cousas

↓ Francisco Fidalgo Villaveirán

El domingo 29 de marzo, condo el número anterior da revista xa taba nas librerías, chegóunos a noticia da morte de Francisco Fidalgo Villaveirán. Fora nacido na parroquia de Valdepares (El Franco) un 16 de novembro de 1913. As Figueiras foi despois el sou sito de crianza anque el llabor profesional como maestro y abogao fíxolo en Uviéu, unde foi director da escola La Gesta dende a súa fundación hasta que se retirou.

A faceta que queremos destacar agora de Fidalgo é a de cultivador da nosa fala. D'ella deixou búa proba nas páxinas d'ENTRAMBAS AUGUAS pero hai muitas máis mostras del sou trabayo, tanto lliterario como lexicográfico, en montóns de revistas del occidente y folletos de festas qu'aguardan por úa recopilación.

Cua publicación d'este relato escrito por él en 1988, vaya dende aquí el noso homenaxe máis sintido a este namorao da cultura da nosa terra.

AXa contéi el ano pasado a afición que tía a os amarramentos Antonón y tamén lo que ye pasou al morir axudado por San Pedro. Pero nun yes contéi as diversións cuando era mozo y ainda nun fora pra guerra. Antonón nacera en Castañeirúa y alí viviu hasta que lo chamaron pra coyer el fusil; qu'era lo qu'él quería. Menudas animaladas armou porque a bruto nun ye ganaba naide. Xa sendo novo alo polos deciseite anos era el más tolo del lugar y todos ye tían medo. Amarrábase por cualquier cousa y tanto ye daba que foran grandes ou pequenos, gordos ou fracos, veyos ou novos. Todo ye valía pra sacudir centellazos. Claro qu'algúa vez tamén salía con un oyo á funerala, pero eso eran cousas del oficio, dicía él. Na súa casa eran labradores probes y tía que trabayar, pero pasábaye como a Fernandín de Serantes, que dicía que tía mui bon corpo pero si trabayaba dolíanse os cadriles. A Antonón tamén ye dolían os cadriles y sempre taba esperando á noitía pra ir a úa taberna qu'había nel Valín pra botar a partida de brisca con sou ve-

cín Pepe del Molín. Levaban xugando todos os días xa fía lamar de tempo y conócíanse máis que si foran hermaos. A éste nun ye pegaba porque ye aguantaba todo y ademáis Pepe era froxo y pequeno y si Antonón ye daba un sopramocos un pouco terciado, el probe de Pepe salía polos aires ou quedaba descuaxaríngado pra sempre.

Xugaba á brisca, que ten pouco que pensar. Miraba a carta qu'acababa de coyer y era sabido que, si ye gustaba, cantaba entre dentes: "Ai,

Tomasa, que m'abrasas". Si á que coyía era búa, rezaba polo baxo: "Tate por ei que xa me rascarás".

Tanto si perdía como si ganaba tomaba un vaso de viño.

Falaba coas cartas y guiñabays os oys como si foran mozas solteiras. Si a carta era mui mala dicía: "É boa cría si dera leite". Si era muito búa, comentaba soltando un guiño picaresco: "Chúchame nel cul que vou pra Brul", y arrastraba de trunfo.



Úa noite que taba xugando a partida cantóu as cuarenta. Pepe del Molín miróu pr'Antonón y espetóuye:

—Eso si qu'é raro.

—¿Qué é lo qu'é raro? —preguntóu Antonón.

—Coño, eu sempre penséi que pra cantar as cuarenta hai que ter el rei y el caballo.

—Pois claro qu'hai que telos, pero nun fai falta que señan del mesmo palo. Basta que teñas un caballo y un rei del que sea.

Pepe miróu estrañado y calóu.

—Entonces vouche cantar eu outras cuarenta, porque teño el rei d'espadas y el caballo de bastos —dixo Pepe.

Antonón nun di-xo nada y desde entón-ces cantaban en falso y cantaban lo que yes daba a gana. Ganaba el que máis veces cantaba y así fo-ron xugando desde aquel día. A brisca xa nun era brisca: era úa toleiría. Cada ún can- taba cuando ye daba a gana y todo valía. Os miróis que se de- ron cuenta del xogo novo inventado por Antonón, primeiro tá- ban calados, despóis botaban a rirse y, co- mo a risa nun ye gus- taba a Antonón por- que lo tomaba a burla, úa noite pegóu un brinco del tayolo en que taba sentado y, soltando as cartas, be- rróu:

—De min nun se ri naide y delante de min tam- pouco.

Y a os dous miróis que taban máis cerca sol- tóuyes con dúas maos úas narniadas que yes fexo ca- yer de focicos y botar a correr antes de que cayese outra lafazada.

Desde aquel día naide s'acercaba a mirar y An- tonón y Pepe del Molín xugaban á súa manera can- tando lo que yes daba a gana y el que máis cantaba ganaba a partida bebendo el vaso de viño sin costar- ye nada. El taberneiro, qu'era un caguitas y tíaye máis medo a Antón qu'a un lobo núa noite d'inverno, nunca s'atreveu a cobrar os vasos de viño que servía y dous anos despóis os franceses que pasaron por Pi- ñeira bebéronye todo el viño y fusiláronlo por es- condelo nel desván envolto en herba seca. Antonón andaba por Castilla fendo das súas, qu'era matar fran- ceses.

Había un suceso qu'Antonón calaba y que só- lo lo sabían us poucos. Fora antes de chamar a súa quinta. Aló pol ano 1802, sendo rapaz, mandóuyes sou padre buscar leña prá cocía. Era nel inverno. Cayera úa nevada que cubrira as casas, prados y montes, porque naque- los tempos nevaba máis qu'a-

gora y fía muito máis frío. Os lobos nun andaban mui lonxe porque de noite ouíanse os oulidos. Sa- líu Antonon coa burra, pero cuidóu ben de levar de- baxo da zamarra un cuitelo da matanza por si aca- so. Chegóu al monte y amarróu a corda del cabecei- ro nun pino, deixando qu'a burra pacesse mentras buscaba a leña.

Cuando máis enfaenado taba nel sou trabayo, ouíu qu'el animal berraba con úa voz rara como si s'afogase. Nun fixo caso pero lougo úa idea pasóu pola súa cabeza y salíu correndo pra unde deixara a burra. Cuando entre os pinos puido ver, a sangre xe- louseye nas venas. Dous lobos taban devorando a burra: A presencia da burra morta y ensangrentada

encendéuyes a sangre y Antonón, como un tolo, cravóu el cuitelo na barriga d'un lobo y, sin esperar a sacalo, atortoróu coas maos el pescozo del outro lobo y, despóis de muito trabayo y escro- carye el focico afo- gándolo contra os brazos, fíxoye tum- barse y quedóu me- dio morto. Como An- tonón quería-lo vivo, púxoye de freno na boca un lazo corredi- zo coa corda da burra morta, amarróuyes el pescozo, apareyóu- ye a albarda apretan-


do ben a cincha y cargóuyes a leña qu'iba levar a bu- rra. El lobo, al volver en sí, reculaba, bufaba, negá- base a andar y nun podía con él sin fer caso dos mandatos d'Antonón.

—¡Conque matácheme a burra y agora nun ques- levar a carga da leña! Xúrote por Dios que vas obe- decer; si nun é polas búas vai ser polas malas.

Coyeu úa estaca y a cada paso qu'el lobo daba pr'atrás, estacazo que ye caía. Tiraba del cordel como un condenado, pero a estaca abrandóuyes os ánimos y por fin amansóu y os golpes fíxéronlo cordo. Mui- tos levóu, pero tamén tein muito aguante. Xa un tan- to calmado, levóulo pol ronzal y así entraron nel pue- blo y chegaron á casa, asustados todos os vecíos de ver lo que vían. Os cais que lo oliron saliron todos detrás y armóuse úa festa de ladridos qu'alí nin se podía falar nin ouir nada. Descargóulo da leña y co- mo os cais nun calaban y os vecíos tampouco querían aquel vecín, Antonón chamóulos y, dándoyes el lobo, díxoyes:

—Ése é pra vosoutros; el outro xa quedóu mor- to nel monte. Fede d'él un pandeiro.

Un vecín qu'era cazador tiróuyes dous balazos y aqueles lobos nun mataron máis burras na súa vida. D'esto Antonón nun quería falar anque todos lo sa- bían, pero era recordado como úa hazaña que sólo Antonón era capaz de fer. 



El aguya nel campanario

Era a tía Xuana úa mui veyá y quería casarse, pero díxoye 'el cura:
-Nun pode ser se nun es capaz a ver
úa aguya na punta d'un campanario.
Feita a proba, a veyá dixo:
-¡Ai, señor cura! Eu el aguya véxola
ben; lo que nun vexo é el
campanario.

Ditos

¿Quién se casa?
¡Abril y mayo!
Nun penses que vai regalado,
que de cornos vai cargado.


Úa veyá díxoye a outra
pol furadín da porta:
¡Métete na túa vida,
qu'a mía nada ch'importa!

COUSILÍA

Úa señora mui aseñorada
cháa de remendos
y ningúa puntada.

(A galá)

Recoyido por Rebeca López Gómez
(10 anos), del Cacayal (Tapia), a
sous bolos Socorro Sánchez
Fernández (74 anos) y Santiago
López González (80 anos), de Tol
(Castropol).



Agora que chegan as vacacións y q
bon momento pra recordarvos a toa
El Arco da Veya que tamos aqua
todo el que discúrrades: cousas am
comics, hestorias, refráis, cántigas
¡Hasta despóis!

A raposa en

Era úa raposa y era mui lista -as raposas todas son m
día amañaron entre un águila y más páxaros a ver qu

-Ben, pos eu ánimome a ver se la convenio.

Tuvo con ela y díxoye:

-Mira, vai haber as bodas nel cielo, ¿ques vir?

Y dixo ela:

-¿Y únde son esas bodas?

Dixo el águila:

-Son nel pico del campanario da iglesia.

Dixo a raposa:

-Pero eu nun son capaz chegar alí.

Díxoye el águila:

-Nun fagas caso. Tu, se ques vir, lévote eu.

Dixo a raposa:

-¿Nun me tarás engañando?

Dixo el águila:

-Eu nunca engañéin a naide, sempre dixen a verdá.

Dixo a raposa:

-¿Y qué vai haber?

El águila dixo:

-Cásase un águila y un corvo y ha haber galías y pi

Tanto la convencéu que dixo:

-¿Lévasme tu?

Y dixo:

-Si, lévote. Poiste encima de min y eu lévote hasta

Asina lo fixo. Conque bótanse pr'aló, chegaron al p
raposa y dixo el águila:

-Tu es mui lista pero, mira, engañéinte, nun hai tal
pra baxar, qu'eu déixote ei.

A probe anduvo miando por un lado y por outro. C
Amañóu d'esperar alí a ver se vía alguén y ye daba d
grande, déuye dolo d'ela y díxoye:

-Ven, que te baxo eu.

Y condo iban pra baxo, dicía ela:


-Se d'esta me salvo y nun morro, ás bodas del ciel

Recoyido por Aida vares González (12 anos) y pola
de Vilavedeye (Castropol).

qu'ides a ter vagar abondo e
los os nenos y nenas que lledes
ndando polas vosas cartas con
añadas por vosoutros, dibuxos,
e, etc.
del brao!

gañada

mui listas-, naide la engañaba nunca. Conque un
n era el que la engañaba. Y el águila dixo ela:



os y dulces y tartas. Alí ha haber comida a montóis.

el pico del campanario.

ico del campanario y nun había nada. Baxóuse a

boda, nin tal nada. así qu'agora a ver cómo amañas

laro, taba mui alta y se se tiraba embaxo matábase.
lo d'ela y la baxaba. Así foi, veu un paxarón mui

o nun volvo!

súa ermá Elena (10 anos) de súa bola Lola Vijande,

OS DOUS RATOS

Eran dous ratos que s'encontraron nel monte.
Ún taba mui gordo y mui guapo; el outro
taba mui fraco porque pasaba muita fame.
Díxoye el fraco:

—¿Cómo tas así gordo y así guapo este ano
que nun hai nada que comer nel monte, que
nun houbo nada de coyeta? Eu tou chen de
pasar fame y nun sei cómo tu te podes
encontrar así ben.

Díxoye el gordo:

—Mira, tou nun molín, alí hai meiz, hai trigo,
hai farina, como todo conto quero, nun paso
falta de nada.

—Y... ¿nun hai gato?

—Si, home, si, hai un gato que ta medio bobo,
mui veyo y ta sempre durmindo. Vente
comigo, nun señas bobo, xa verás qué ben
lo vas pasar.

Conque el rato fraco veuse vindo tras del
gordo, chegaron á porta del molín y viu el
gato. Y díxoye:

—Y ben, tu pasas por xunta d'él ¿y nun fai
nada?


—Non, home, non, xa lo verás.

Pasóu pra un lado, pasóu pral outro, pero al
volver pasar, vaise el gato, abre os oys y
víulo. Coyéulo coa pata y... ¡al buche!

Coméulo.

El outro que taba observando na porta, dixo
él:

—Vaya, pos vólvome por unde vin, porque
vale más tar fraco nel souto que gordo na
barriga d'outro.





Nesta entrega del Houcha queremos dar noticia d'un bon escritor en gallego-asturiano, desconocido –como cuase todos– pra os máis. Tamos falando de Manuel de Lienes, qu'é el nome col que firmaba Manuel del Río Velarde, del Palacio de Lienes en Armental (Navia), rentista, conceyal, xuez de paz, periodista y un pouco bohemio. Os sous escritos, versos y prosa, tán estragayaos polos periódicos naviegos d'antías da guerra. A súa produción en prosa ten a particularidá de qu'el sou estilo nun é como el d'outros del tempo d'él, qu'aprovetan pra falar de sucedidos que se deran nel llugar esos días ou pra manter polémicas con outros colaboradores. Os escritos que ye conocemos a Manuel de Lienes sempre tentan de cuntar úa hestoria y failo d'un xeito máis lliterario y menos periodístico, se é que se pode fer esa distinción.

Publicamos un fragmento d'un relato que salíu nel periódico *El Río Navia* en 1917 col título "Cousas que pasan". A verdá é qu'os tipógrafos, ou quén sabe se el mesmo autor, nun tían a menor consideración pola ortografía y ta escrito d'aquella manera... pero copíámolo como iba nel orixinal pra deixar constancia de cómo reflexaban naquellós anos a fala d'aquel tempo y d'aquello llugares. 🌊

"COUSAS QUE PASAN"

Dous meses antes de la festa que n'el puebro de San Cristóbal de Pino Seco, se iba á celebrar, xa se falaba de los cohetes, música y bailes; á lo que chamaban "selecto programa", los que falaban casteyano.

Las mozas xa cuntaban los convidaos que habría en cada casa; y con gran insistencia falaban de úa carta que recibira doña Catalina, de la casa del Crespo, de un parente americano, asegurando que pa el día de la festa taría en su compañía.

Este "americano" era un tal D. Cayetano, hombre rico, y natural de Teixedo, y á quen nunca vira doña Catalina.

Al falar de lo rico que taba, aseguraban las fijas de la viuda de Crespo, que entre todos los "americanos" de la parroquia, nun xuntaban tantos cuartos como él tía.

Un día chegóu la cartera del puebro con un parte pa dicha casa; la curiosidá de la portadora nun ye deixaba votar andar, hasta nun saber lo que decía. Carlota y Casiana, fijas del ama, leeron á un tempo: "De San Francisco de California.– Vía España, etc. Salgo mañana vapor "Pun", cumpliré visita ofrecida.– Cayetano".

–¡Gracias a Dios! –dixo el ama–, que xa nun morro sin conocer al meu Cayetanín.

–¿Qué parentesco ven a ter con usted? –preguntóu la cartera.

–Cayetanín –dixo aqueya, mirando pal tarrén– ven á ser fiyo de ua tía del meu difunto; querse decir, é primo de estas nenas y sobrín meu.

A la cartera aquel día déronye ua concada de café y un ral; co-lo cual iba por demás agradecida, pos tanto como lo que ye deron estimaba en ser la primeira en fer pública la noticia, novedá que correu po la parroquia como un trono.

Las nenas de Crespo, trabayaban á cual menos por nun zoyarse, pa pintarye lo miyor que puidesen al parente "americano".

Doña Catalina, fía un echo que el sobrín se casaría con úa fiya, y por meyor pintar fixo obra na casa.

El conqueiro de la cucía fíxolo novo; los pratos y las cuyares cambioulos por outros del trinque.

De cravos chantaos nas paredes de la sala, colgaban rétratos; y en cada esquina puxo un trócano, nos que prantaron foletos.

El cuarto que taba destinao pal americano foy preparao con todo gusto. La sobrecama taba toda chía de frores de papel, prendidas con alfileres. El xergón era metálico, el primeiro que se gastaba nel puebro. El pa-

beyón que cubría el mueble era liso, y chen de páxaros cuidadosamente pintaos.

Foron pasando los días, y chegou el víspera del Santo, día en que doña Catalina recibíu ua carta: aber-to el sobre y vista la firma, gritou Casiana:

—¡Mamá, carta de Cayetano!

Reuniuse la familia en consejiyo, y procedeu á dar-ye lectura: ésta decía:

"Querida tía Catalina: llegué felizmente al pueblo de Viyardá; mándeme un caballo, pues desea abrazar-los pronto, Cayetano".

Nun hay palabras pa espricar la alegría de aqueya familia. Las ríenas comenzaron á puerse guapaś. La madre devanaba los sesos pensando onde toparía un espolista y cabayo, que fosen al xeito pa dar cumplimiento según el caso lo requería; pos pensaba que si el cabayo era brioso podía ferye dar col corpo nel tarrén al jinete; si era morria, podía ter a menos el montayo don Cayetano.

Por outra parte pensaba el ama, que si el espolista era listo, podía cuntar al "americano" dalguas cou-sas, que las de Crespo nun quixeran que éste yes las soubera; si era bobo, nun desempeñaría ben el sou papel. En estas refrexiois tuvo cavilando muito tempo; y por fin decidiuse á pedir prestau criaio y cabayo al

sou vecín D. Catalejo, el cual nun dudou en conceder-ye tal favor.

A las dos de la tarde de aquel día salió el espolista col cabayo pal pueblo onde esperaba el huésped.

Despós de las vísperas religiosas, la banda de música y gaita recorrían las caleyas del pueblo tocando alegres "falsianas".

Mozas y mozos sabicheiros xuntáronse a bailar nun eira cerca de la casa de Crespo, deseosos de saber cómo era el americano. Los nenos xugaban al vaxeiro na caleya. Con duas horas de noite viron vaxar pol camín que conduce al pueblo la yuz de un farol; al minuto xa naide bailaba, todos se agolparon xunta la casa de tía Catalina, fendo corriyos.

—¡Son eyos! —gritaron los nenos desde el pico del camín; y en efecto, al minuto el espolista abría paso por entre la multiú, seguido del cabayo que montaba D. Cayetano, el cual despós de apearse na porta de la casa de los parentes, recoyeu de la mau del acompañante un maletín, mentras que co-la outra apurriaye un pe-só. El gaiteiro empezou á tocar la marcha real y deu un ¡Viva D. Cayetano! que ye valíu outras cinco pesetas. (...)

M. DE LIENES

A festa de Corpus é ben conocida e festexada nun feixe de vilas, pro na parroquia de Taramunde faise d'un xeito inda ben particular: cada ano organizan os actos festivos dous lugares da parroquia —os máis achegados entre si— e, d'este xeito, cada once anos vólvelles tocar a os mesmos.

No ano 1922 tocóulles facer a festa a os veciños de dous d'estes lugares: O Preiro e Pardiñas, e aproveitando que se vestiran prá ocasión, decidiron retratarse, non sin certa desconfianza hacia a cámara de fotos que nun me negarán que nun se lles ve nas caras. Sólo o señor de traxe claro que ta no centro da fotografía, que xa fora a Cuba e xa conocía eses aparatos, ten úa pose máis natural.

Por certo, pró ano que vén volve tocar Corpus no Preiro e Pardiñas e podíamos aproveitar á ocasión e facer outra foto... se nun fora porque xa apenas quedan veciños...

↓ Juan Carlos Quintana López



Diseño: ENTRAMBASAUGUAS Y SATSANG®



Secretaría Llingüística del Navia-Eo

INXERTA NA ACADEMIA DE LA LLINGUA ASTURIANA



PRINCIPÁU D'ASTURIES
Consejería de Cultura

